

Novo parque de bombeiros do Carballiño



Páxina 14

O Concello de Pontevedra recibe Pasarón



Páxina 19

Peonalización do conxunto histórico de Tui



Páxina 20

Festivais de Música en Galicia e Portugal



Páxinas 22 e 23

Rehabilitación das cubertas de Riazor por de 8,2 millóns

Os concelleiros de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, e de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, presentaron en rolda de prensa as liñas xerais do anteproxecto de rehabilitación das cubertas do estadio de Riazor, de titularidade municipal e que explota o Deportivo da Coruña.

Páxina 9



Adxudicada a redacción do proxecto da Porta do Sol por 140.000 euros

AXunta de Goberno de Vigo deu luz verde á clasificación de ofertas para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e a transformación peonil da actual rede viaria, un proxecto cofinanciado por fondos FEDER da Unión Europea e que ascende no seu conxunto a 6 millóns de euros. A UTE GOC S.A. Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación S.L. será a encargada de redactar o proxecto por un importe de 140.965 euros.

Páxina 8



Entrevistas



Paula Ríos e Pilar Estévez, Plataforma Feminista Galega

Páxina 11



Ana Pontón, voceira nacional do BNG

Páxina 6 e 7



Abel Caballero, alcalde de Vigo

Páxina 5



Carnes, pescados e comida tradicional.
Aparcadoiro e terraza.

Teléfono 988 204 000
AS BARXAS. (Coles).
Ourense.





Adegueiro Jorge Feijoo González
Teléfonos: 606 807 897 - 606 047 602
Abeleda - A Teixeira (Ourense)
adegavella@terra.com



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

A necesidade do referéndum catalán

A primeiros deste 2017 o xornal “La Vanguardia”, de liña editorial non independentista, publicaba unha enquisa que reflectía que o 76,6% dos cataláns querían decidir en referéndum a respecto da súa independencia ou continuidade no Estado, mentres as opcións a prol sobardaban en moi pouco ás negativas. Estes datos serían impensábeis hai once anos, cando se aprobaba pola cidadanía catalá o novo Estatuto.

O fito máis importante na modificación das actitudes a respecto da independencia

foi a sentenza do Tribunal Constitucional de xuño de 2010, que, estimando o recurso do PP, declarou na práctica a inconstitucionalidade de case todos os avances en autogoberno contidos nese “nou Estatut”, malia que xa fora aprobado en referéndum e levaba plenamente vixente máis de catro anos. A labazada moveu centos de milleiros autonomistas e federalistas cara á opción independentista, ao considerar imposíbel un autogoberno digno de tal nome no seo do Estado español.

Hai un problema moi grave e os parti-

dos unionistas non o asumen. Mais o problema só non se resolve, lonxe diso encónase, porque xera desafección cidadá en Catalunya, máis tamén unha enxurrada de anticatalanismo en Madrid e outros territorios españois.

Velaí que a única solución sería un pacto para poder levar adiante un referéndum. Pacto alicerzado no compromiso de que se respecte o decidido polos cataláns e que, no caso de saír o voto negativo non se repita esta consulta nun termo aproximado de dez ou quince anos, na liña da Lei de Clareza canadiana. A fórmula xurídica podería pasar por un referéndum consultivo, consonte co artigo 92 da Constitución, delegando o Estado ao abeiro do artigo 150.2 da Constitución na Generalitat a competencia para convocalo.

O mandato catalán requiriría dunha ulterior reforma constitucional, de ser afirmativo. Unha reforma que habería pactarse previamente.



A historia europea recente amósanos que non se pode negar pacificamente o dereito a decidir. Eslovaquia, Chequia, Eslovenia, as tres repúblicas bálticas ou Irlanda son Estados membros da UE que non existían hai cen anos e moitas veces separáronse de Estados cos que seguen a partillar a Unión. As realidades mudan e o Dereito está para regular a convivencia. A convivencia, que ha ser aceptada e non imposta.

No país dos cegos

Con máis do 90 % dos votos escrutados, Pedro Sánchez obtén unha grande maioría (49,8 % fronte ao 40,2 de Susana Díaz e o 10% de Patxi López) que despexa case todas as dúbidas a respecto da clara hexemonía que adquire no partido. Porque, agás en Andalucía e Aragón (aquí por moi pouco) gañou en todos os territorios, mesmo en Asturias, País Valenciá, Castela a Mancha e Extremadura contra cadanseus Presidentes autonómicos. Dominará, pois, a organización federal e case todas as autonómicas, que celebrarán cadanseu Congreso nos vindeiros

setembro e outubro.

No noso País a vitoria de Sánchez Castejón constitúe unha auténtica malleira (66% fronte ao 23% de Díaz e o 7% de López), sobre todo diante do apoio pechado outorgado á Díaz polos grandes baróns do PSdeG (Abel Caballero, Carmela Silva, Pepe Blanco, Mar Barcón, Beatriz Sestayo ou Fran Caamaño, mesmo dende fóra apoiouna Paco Vázquez). Galicia, xunto con Catalunya (82% de votos pro Sánchez) foi dos territorios onde menos cuallou o relato da nación grande e única da líder andaluza, certamente desvence-

llado do xorne e angueiras das nacionalidades e da España urbana. O resultado, como o das primarias que gañou Xaquín Leiceaga, prognostica un Congreso galego que rachará co vello PSOE e ratificará a alternativa plural fronte a Feijóo. Pilar Canela, Valentín Formoso, Gonzalo Caballero, Lara Méndez e quizais Leiceaga serán algúns dos novos dirixentes, malia que o modelo de partido mudará cara un meirande empoderamento das bases.

Sánchez Castejón non é ningún crack, mais soubo perceber a fonda desafección dos seareiros socialistas coa involución de Zapatero (2010), co Goberno de Rajoy (2011-2015) e, sobre todo, coa abstención socialista ordenada pola Xestora que lle deu

a presidencia a Mariano Rajoy. E gañou fronte ao cerco mediático de Madrid e fronte Felipe González, Alfonso Guerra, Zapatero, Rubalcaba e case todos os protagonistas dun PSOE que lle foi mercando o relato social, económico e territorial ao PP ao longo destes anos, mentres os seus electores vían como empeoraban as súas condicións de vida e, nomeadamente, como os seus fillos e netos non podían integrarse nunha sociedade cada vez máis desigual.

Porque, se algo amosou esta xeira, foi que a xente xa non admite calquera intermediación, senón que quere responsabilizarse das súas decisións e rachar, seguramente que dende a tranquilidade, co que hai. Para ir noutra dirección.

Loitarmos contra o Yihadismo

Outravolta ficamos conmovidos diante da última expresión do odio yihadista: o recente atentado de Manchester, co seu elevado tributo de vidas humanas. Unha vez máis os terroristas elixen matar durante manifestacións colectivas de lecer público, tan propias da maneira de vivir na nosa Europa. Os asasinon só queren facer todo o dano que poidan, senón que tentan que renunciemos ao noso xeito de vida.

Será difícil loitarmos contra o yihadismo senón entendemos as súas orixes e

desenvolvemento. Como ven de dicir o líder laborista británico, Jeremy Corbyn, moitos dos profesionais dos servizos británicos de seguranza e intelixencia recoñecen que a política exterior británica do próximo pasado ten potenciado a ameaza yihadista, coas súas intervencións armadas (comezando pola invasión de Iraq no 2004). Sen que este coñecemento, como afirma o propio Corbyn supoña reducir un chisco nin a culpabilidade terrorista nin a necesidade de loitar contra o yihadismo con todas as armas que poida usar unha

democracia.

O mes pasado as forzas da coalición antiyihadista causaron a morte a 244 civís non combatentes, moitos deles crianzas. Temos que entender que a dor causada polos nosos dirixentes políticos vólvese seguido contra nós. Deste xeito, comprenderemos mellor o fenómeno do yihadismo para combatelo cando saibamos relacionar as intervencións militares occidentais (moitas veces dirixidas a controlar a produción de petróleo) co incremento substancial do terrorismo yihadista.

Mais esta necesidade de matinar (e actuar) a respecto da intervención occidental no Oriente Próximo e Norte de África

non prexudica a necesidade de adoptarmos medidas eficaces e coordinadas, comezando pola coordinación europea das súas policía e servizos de intelixencia. Cómpre construír dende a Europol un auténtico F.B.I. europeo que coordine a vixilancia e información arredor dos yihadistas e, sobre todo, do seu labor de proselitismo e posibíle que a resposta contra o terrorismo sexa continental. Ao mesmo tempo, os británicos haberían entender que o Brexit reducirá a súa seguranza, para poder adoptar coa UE os mecanismos de cooperación policial e de intelixencia precisos para que o terrorismo reciba unha resposta unitaria ás dúas beiras da Canle.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Por Guillermo Rodríguez

E non soltan a presa

Alguén deixou escrito que “a liberdade de información é a esencia de toda democracia, pero que se a liberdade de información se pode comprar a democracia quedará invalidada”. Creo que isto é o que está pasando nestes momentos.

É certo que existen tantas percepcións subxectivas dunha mesma realidade obxectiva como persoas a contemplan, por iso resulta difícil entender que nestes momentos sexan tantas as persoas (léase comentaristas, politólogos, tertulianos) que coincidan nunha única versión subxectiva da mesma realidade obxectiva.

Sería a raíz do 15-M cando comeza esta especie de confluencia sideral entre os medios de comunicación para presentarnos un universo idéntico nos seus fins, aínda que variable na súa percepción.

Nestes momentos parecera que os medios de comunicación tiveran os mesmos intereses. En efecto, é así. Dise que Deus escribe dereito con liñas torcidas; efectivamente. O actual deus “o becerro de ouro” a que a maioría dos medios adora ten diferente caligrafía pero un mesmo sentido da frase, da idea que quere impoñer.

Veño seguindo con moito interese as liñas editoriais e os artigos dos máis conspicuos comentaristas dos medios de comunicación que podemos atopar nos quioscos ou nas barras dunha cafetería calquera. Hai un fio conductor idéntico: o movemento social que xorde dunha situación desesperada haino que parar, sexa como sexa. Para logralo todo vale. Titulares a dobre columna, e con enorme tipografía, que logo resultan ser falsos (cando xa se sabía que o eran); acusacións veladas que provocan o que agora se dá en chamar un feito viral; ou sexa, como un virus que se estende polo corpo social e que logo desaparece como por ensalmo, pero que xa cumpriu o seu obxectivo: levar a dúbida ás mentes populares sen capacidade de discernimento para analizar a información manipulada que lle serven en bandexa cada día.

Hai feitos sociais que son atacados por igual na maioría dos medios; logo repárense por comunidades segundo os intereses internos de cada lugar. Así non son tratados coa mesma virulencia pola prensa chamada estatal os feitos que se dan nas distintas comunidades. Da política galega encárganse, dunha maneira máis exhaustiva, os xornais editados en Galicia, que non os xornais galegos; xa me entenden. Aínda que coincidan nos mesmos obxectivos: declararlle a guerra a esta nova vaga de ideas que se ven estendendo e que pode rematar co status social e político reinante dende a chamada Transición única, delimitan moi ben os seus campos de traballo..

Ata que Podemos saíu á praza e, de golpe, se fixo con cinco deputados no Parlamento Europeo, viviamos unha calma chicha en todos os medios. Había como un acordo tácito de que cando gobernaba a dereita os medios ían cara a dereita; se go-

bernaban os mal chamados de esquerdas (léase os socialistas) a prensa cambiaba de carril e apoiaba ese neoliberalismo disfrazado de esquerda. Claro que se producían rife rafes (algúns moi serios) dende o Poder; lembremos os tempos de Felipe González enfrentado á liña editorial de Diario 16, con Pedro Jota, á fronte; Non parou ata que o botaron. Inmediatamente este rebélase e funda outro xornal: El Mundo, que seguiu dándolle caña a Felipe (lémbremos o caso de Lasa e Zabala) ata conseguir que gañara a dereita de Aznar. Así viviu unha longa temporada ata que Rajoy non estivo de acordo coa liberdade de expresión de Pedro Jota e voltou botalo dese medio. Hoxe podemos lelo na rede.

Non se trataba de que as informacións de El Mundo foran unha marabilla de obxectividade; nada diso. Tratábase de que quería actuar coma un verso libre fóra da estrutura do poema político instituído.

Cando nace Podemos, Felipe González, cal oráculo de Delfos, alíase co actual director de El País, José Luis Cebrián, para realizar un plan de ataque que non permitira crecer a herba nun campo que entendían xa estaba ben traballado pola suposta esquerda socialista. Todos coñecemos a coincidencia de intereses do pasado socialista e Polanco, daquela o dono de El País e outros produtos do grupo PRISA. Hoxe Felipe González e Rubalvava son membros do Consello Editorial de El País, por exemplo. A este equipo de atacantes sumóuselle, aínda con diferentes adestradores, outros grupos mediáticos que veñen publicando xornais como ABC ou La Razón. Sen esquecermonos das distintas canles televisivas, brazos dun mesmo polbo mediático.

Cando a Pedro Sánchez, “un chico de la Casa”, se lle ocorre desafiar aos gurús socialistas e consegue facerse coa Secretaría Xeral do PSOE, e cometeu o pecado de lesa maxestade falando de presións dende o entorno do Grupo editorial de El País a cousa xa non tiña volta atrás. Traspasara a liña roxa. Como se lle ocorre a un ninguén, que diría Neira Vilas, descubrir os intereses xa históricos e debidamente gardados entre os vellos roqueiros socialistas e o xornal símbolo da liberdade de prensa deste País. É o momento en que Pedro Sánchez comeza a perder a xa histórica votación fraudulenta do Comité Federal do pasado 1º de outubro de 2016. Logo virían os aloumiños con Podemos e todo o que xa é historia recente.

En Galicia tamén tivemos e temos movementos xornalísticos. Aquí gobernou a dereita sempre, agás pequenos interregnos que, como di o refrán “unha anduriña non fai verán”. Cando este País consegue un goberno bipartito de socialistas e nacionalistas, así como quen non quere a cousa, acendéronse todas as alarmas. Os medios de comunicación esperaron un tempo, breve, para comprobar se podían seguir mandando da teta do Poder como viñan facendo. Aínda que as cousas non cambiaran

demasiado, si houbo algúns atisbos de cambio. O Goberno repartía a tarta da publicidade institucional entre medios máis pequenos, sobre todo os escritos en galego. Isto non estaba nos plans dos medios diarios deste País sobre todo dende A Coruña.

Cando xa estaba rebasado o ecuador da lexislatura o propietario de Construcciones San José (din que auspiciado por Anxo Quintana, daquela Vicepresidente da Xunta) ten a “orixinal idea” de poñer na rúa un novo xornal: Xornal diario. Aquilo xa era demasiado. Atreverse a desafiar ao todo poderoso Santiago Rey Fernández Latorre era algo que só un tolo se podía permitir. Nese mesmo instante o bipartito comezou a perder o goberno. As famosas cadeiras “carísimas” que dixeran mercara Touriño, Presidente da Xunta, para a súa residencia; os coches de gama alta que resultaron ser os mesmos que tiña mercado Fraga; (creo que aínda seguen na garaxe da Xunta); as viaxes en iate de Quintana co dono da empresa San José, que fora moitos anos antes de chegar ao goberno; a emboscada en plena campaña que lle tenderon no Val Miñor nunha festa da terceira idade; ata famosa reunión presidida por homes de La Voz de Galicia celebrada na Coruña na que se lle din a Quintana que se continúan cos plans das eólicas sufrirían serias conse-

cuencias; ao que Quintana resposta “aquí hai x e n t e

que quere dirixir este País sen presentarse ás eleccións”. E así poderíamos seguir. Resumindo: o bipartito perdeu na provincia da Coruña (que casualidade!) un deputado e o goberno.

Cando Beiras rompe co BNG e vai por libre os medios ofrécenlle unha cobertura inimaxinable. Non se trataba de aceptar a súa proposta política senón de romper co nacionalismo (divide e vencerás) para que non fora quen de acadar un cacho de poder suficiente e constituir un novo goberno bipartito cos socialistas. O obxectivo era, e segue sendo hoxe con maior contundencia, que o PP non perda o Poder.

Saben vdes. cantos millóns de euros anuais deixarían de entrar na caixa de certos xornais de Galicia se tiveramos outro goberno que fixera un reparto equitativo dos recursos públicos vía publicidade institucional?

Pero Pedro Sánchez presentouse “a carreira das primarias” e gañou con toda claridade. En principio, como non se esperaba puidera ser quen de cambiar nada, tivo o

continúa na páxina seguinte....



Por Félix



Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Atila en Galicia / Galicia mártir

Estes son os títulos que escolleu Castelao para os álbumes de debuxos cos que denunciou o xenocidio franquista en Galicia. E os que o negan son os que estarían dispostos a repetilo, a fincialo, a bendecilo ou a mirar para outro lado. Nunca se debe aceptar como xefe lexítimo a un fascista, da igual que o bendiga a Igrexa ou que o ampare o Estado. Os fascistas non son xefes nin funcionarios lexítimos e o noso deber como cidadáns demócratas é combatalos. A Constitución española, que nunca me gustou, establece uns dereitos e uns deberes, nos que se mexan e se mexaron os distintos Gobernos. E se exerces eses dereitos, acósante desde a institución máis alta do Estado á máis baixa. É unha violencia invisíbel pero eficaz, pois intimida e desestabiliza.



O meu país é Galiza e como teño que-rencia por el, quero que sexa ceive e que as súas institucións estén libres de caciques e opresores. É algo polo que vale a pena loitar, na medida das nosas posibilidades. A presión vai ser enorme, polo que temos que interiorizar o lema de Castelao “denantes mortos que escravos”... Estou convencido de que a liberdade conquírese en galego e acredito na inmersión lingüística no idioma propio de Galiza, que debe ser lingua plenamente oficial no noso país e o seu coñecemento un dereito real e un deber. Porén temos máis patrimonio a defender, xa que a natureza e os animais son un ben que hai preservar da avaricia capitalista e da crueldade innecesaria.

Ningunha persoa debería estar por riba da Lei, nin por riba dos seus semellantes por unha cuestión de xenética. Coido que

a República é a mellor forma de goberno e moita xente morreu e sufriu no pasado por defendela dos fascistas. Construíron todo sobre o sangue de inocentes, a inxustiza e a barbarie, pensando que construían en roca firme; porén construíron nas areas. Non fagamos coma eles... Sen xustiza social e redistribución da riqueza non hai democracia. O Estado debería defender os débiles dos abusos dos poderosos, e non o fai en moitas ocasións. Combate os pobres e non a pobreza.

En canto á Igrexa, coido que o Estado debe ser laico, garantir a liberdade de culto pero non favorecer ningunha confesión relixiosa. E remato como empecei, aludindo a unha estampa de Castelao, na que unha muller do pobo está axeonllada ante un cruceiro e di: “Queiman, rouban e asesinan no teu nome!”



...ven do editorial da páxina anterior

E non soltan a presa (continuación)

que se podía chamar “unha boa prensa”. O problema comezou cando se vislumbraba que ía en serio, que estaba disposto a tomar a Rajoy aínda que fora apoiándose en Podemos e nos partidos nacionalistas vascos e cataláns. Por aquí si que non pasaban os González, os Rodríguez Zapatero (nun principio seu grande valedor), os Rubalcaba, a maioría dos baróns territoriais. O famoso “no es no” proporcionou a precisa munición para que todos e dende todos os ángulos disparan contra o Secretario Xeral do partido socialista que gañara limpa-mente unhas eleccións en primarias. Ata que o botaron non pararon. Todos lembramos as armas e os métodos antidemocráticos utilizados. Os argumentos empregados non se sostiñan. O obxectivo era que Pedro Sánchez non podía ser o novo Presidente do goberno do Estado Español se non era

co visto e praxe dos aiatolas socialistas donos das esenciais patrias.

E chegaron de novo outras primarias onde que mais ordena son os militantes. Pedro Sánchez atreveuse a presentarse de novo (logo de renunciar á súa acta de deputado ao ser expulsado da Secretaría Xeral de forma totalmente antidemocrática) para voltar á Secretaría Xeral do PSOE. Pero, como se atreve este muchacho, de novo, a desafiar aos ínclitos homes e mulleres do Partido? Pois si; fíxoo.

Claro que a campaña mediática desatada na súa contra non ten parangóns na historia dos últimos candidatos a un posto político de importancia. Unha “curiosa” coincidencia de puntos de vista estendeuse por todos os xornais desta pel de touro chamada España. O apoio masivo, explícito, contundente, á candidata andaluza, Susana

Díaz (non a Susanita que tiña un rato chiquitín) estaba programada para fundir na misera a Pedro Sánchez e arrombalo dunha vez por todas. Os medios presaxiaban unha tunda de campeonato ao “pobre Pedro Sánchez” que, desafiaba só ante o perigo a todo o APARATO do partido socialista. Pero como di o refrán, “as armas cárgaas o demo” e aquí “os demos” non contaron que a militancia socialista seguía apostando polo “NO ES NO”, de Pedro Sánchez.

Era difícil atopar un artigo de OPINIÓN que non lle dera caña ao atrevido militante de base. Ao militante que lle perdera o respecto aos gurús da política chamada socialista practicada polo PSOE nos últimos 25 anos. Pero ás veces os pequenos davices vencen aos todopoderosos goliates. E así foi. Pedro Sánchez derrotou dunha maneira inequívoca á presidenta territorial andaluza Susana Díaz. Tamén entrou en liza un vasco que resistiu ata o final aínda que as súas posibilidades eran mínimas. Pedro Sánchez goza, nestes momentos, dunha “especial

popularidade”. Os medios tiveron que rendirse ás evidencias pero os comentaristas, os criadores de opinión, non soltan prenda: seguen asegurando que o PSOE con Pedro Sánchez á fronte non ten futuro.

A isto chámalle liberdade de prensa. Curiosa liberdade que coincide ata nos puntos e comas. Eu o que aprecio é unha indecente campaña de intoxicación de todos os medios (quedan mínimas escepcións) para teledirixir (e nunca mellor dito) as opinións e de paso os votos dos cidadáns cando chegue a ocasión. Unha murmaceira que van deixando caer nas mentes dos lectores pouco entrenados e que chegarán ao momento elixido enchoupados ata as orellas.

Nós xa estamos vacunados tempos ha. Vostedes fagan o mesmo; que cando queiran mollarse sexa libremente e non dirixidos dende “púlpitos de novos sacerdotes” que, coma fixeron sempre os vasalos, só traballan para os seus amos. O que os clásicos dicían “pro domus sua”. Sexan felices mentras tanto.



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

Por Pilar Martínez

Abel Caballero, alcalde de Vigo

“ A rehabilitación do Casco Vello é un proxecto novo que forma parte do plan que estou desenvolvendo como alcalde ”

Cando se cumpren dez anos da chegada de Abel Caballero (Ponteareas, 1946) á Alcaldía de Vigo falamos con el de boa parte das iniciativas e proxectos pendentes na cidade. Así, repasamos desde a recuperación do Casco Vello ao traslado das dependencias xudiciais ao edificio do antigo Hospital Xeral, pasando pola recente vitoria de Pedro Sánchez nas primarias do PSOE. O único tema esquivado, como vén sendo a tónica desde hai meses, a reforma de Balaídos.

Vigo é unha cidade en continuo movemento, sempre comezando novos proxectos. Este sen dúbida é o caso da Panificadora. Porén, para levalo a cabo é necesario superar as diferencias cos propietarios. Xa existe acordo con eles? Será moi alto o custe económico?

A cuestión máis importante é lanzar o proxecto. E xa sabemos o que queremos facer. Queremos rehabilitala e manter a estrutura orixinal, de forma que toda esa zona pase a ser de interese público. Vai ter lugares de encontro e de cuestións relacionadas da Zona Franca e coa actividade económica de Vigo. Cos propietarios temos fórmulas, a través do que marca a lei, pero o importante é que a imos rehabilitar. Nesta cidade levamos 50 anos esperando a que isto se fixera e agora empeza a ser realidade.

Continuando coa recuperación do centro da cidade, a construción do túnel na Porta do Sol significa un paso máis neste sentido. Pode entenderse como unha continuación da rehabilitación do Casco Vello que se iniciou durante o bipartito PSOE – BNG no 2007?

Non. Isto é un proxecto completamente novo que forma parte do plan que estou desenvolvendo como alcalde. Trátase de refacer

Vigo, de volver a construír a cidade, de buscar puntos de encontro. A rehabilitación máis importante do Casco Vello foi a Praza da Constitución e a Praza da Princesa, que se fixo hai pouco. Pero a Porta do Sol é distinto a todo isto, xa que é o lugar de encontro da cidade de Vigo que nunca tivo e que a partir de agora vai ter.

Outro proxecto relevante é a reubicación das dependencias xudiciais no edificio do antigo hospital xeral. Será capaz este inmoble de dar cobertura suficiente a este servizo?

Este inmoble pode dar cobertura a este servizo e a todos, porque é inmenso. A cuestión é que a Xunta tardou moito en dedicar servizos a este proxecto e polo camiño nos obrigou a gastar 3 millóns e medio de euros na expropiación deste terreo que finalmente non se utilizou. Penela, o arquitecto, desenvolveu un proxecto magnífico do que sairá unha gran cidade da xustiza.

Con este traslado moitos cidadáns e cidadás se preguntan que pasará cos dous edificios que quedarán baleiros na rúa Lalín.

Querémolos para uso social. Non descarto que solicitemos que a Biblioteca do Estado se ubique neste solar, pero o importante é



facen unha nova dimensión do campus universitario central, dándolle cabida á UNED –que eu trouxen a esta cidade, porque a xente de Vigo ía estudar á UNED de Pontevedra–, Enxeñería Industrial e Económicas –á que este Concello lle cedeu novamente o edificio que ocupa.

Levamos anos a voltas coa construción da Cidade do Mar, de tanta relevancia para a Universidade de Vigo. Cal é o seu análise do punto no que se atopa?

A Xunta de Galicia deixou abandonada a ETEA sen construír a Cidade do Mar. Tiña a obriga de cederlla á Universidade de Vigo e non o fixo; pola contra, agora pretende cobrarlle 5 millóns e medio de euros a Zona Franca por aqueles edificios para que a propia Zona Franca llos doe á Universidade. Como consecuencia, a Cidade do Mar vai ser costeada por Vigo con cartos de Vigo, mentres que a Xunta, en lugar de poñer os cartos vai recibir cinco millóns e medios de euros que vai investir sabe dios onde, seguramente en Coruña.

Para que a estación de Tom Mayne sexa totalmente operativa, Vigo necesitaría poñer en marcha en marcha a saída sur. Porén semella que ultimamente esta proposta está paralizada. Non cre que a cidade debería presionar para sacala adiante?

O tema central é o AVE a Madrid e todo o demais é distraer a atención. Esiximos que se poida ir de Vigo a Madrid directamente por Cerdedo en dúas horas e media. Pero estamos atopando o absoluto rexeitamento de Feijóo, que ten outro proxecto de Galicia no que non está Vigo como ten que estar, e atopamos ao Partido Popular de Vigo noutra dimensión. A conexión Vigo – Ourense – Madrid por Cerdedo é clave neste territorio.

Resulta inevitable falar do acordo (e posterior desacordo) co Celta sobre Balaídos. Ve algunha solución axeitada para a cidade neste eido?

Contestareille do mesmo xeito que as outras veces que me preguntan por esta cuestión: non falarei deste tema até o final da temporada deportiva.

A reforma de Balaídos é unha obra importante para o fútbol vigués, pero hai outros deportes que tamén necesitan unhas instalacións axeitadas. En que punto se atopa o proxecto para reformar as pistas de atletismo?

Hai moitos proxectos que se están levando a cabo. Estamos construíndo pavillóns, ámbitos deportivos, campos de fútbol... estamos revolucionando as infraestruturas deportivas. As pistas de atletismo tiña que pagalas a Xunta e até agora non se está explicando. Levamos dous anos e medio, case tres, esperando. Non puxo nin un euro para a reforma de Balaídos e como sempre, aquilo que depende da Xunta de Galicia en Vigo non atopa luz verde.

Estamos falando de grandes proxectos, pero as pequenas obras tamén fan cidade. Refírome ao mantemento que precisan os colexios públicos, en concreto á reforma de aseos e a instalación de calefacción, como no Escultor Acuña e no Seis do Nadal. Co dilema de se corresponde ao Concello ou a Xunta hai centros que non están sendo suficientemente atendidos.

Non hai ningún dilema, estas obras que menciona correspóndelle á Xunta. Pero como a Xunta non o fai o estamos facendo nós. Estamos facendo comedores, realizando melloras en todos os colexios, facendo patios cubertos... e todo porque a Xunta de Galicia non cumpre co seu papel.

Para rematar, quixera que fixera unha pequena valoración da vitoria de Pedro Sánchez nas primarias do PSOE, tendo en conta que vostede apoiou a Susana Díaz.

A vitoria de Pedro Sánchez foi unha gran vitoria, incontestable, con todo o aval democrático dunhas eleccións primarias nas que houbo un nivel de participación elevadísimo e sen ningún incidente. Eu apoiei a Susana, porque pensei que era a mellor opción para o Partido Socialista. Pero dado que Pedro Sánchez foi o gañador eu o felicitei e a el lle toca levar o timón do partido e marcar o rumbo do socialismo español.



Entrevista

Por Moncho Mariño

Ana Pontón, voceira nacional do BNG

“O que non imos facer é integrarnos en forzas políticas de ámbito estatal”

-Nunhas declaracións súas na web do BNG dicía que Francia, logo das últimas eleccións non se libra das políticas da Troika Comunitaria, que nin siquiera Tsipras en Grecia puido facelo.

-Tsipras creo que non quixo facelo.

-E logo?

-Porque creo que Tsipras preparou un referendun que foi unha fraude. Porque xa tiña asinado un memorando no que aceptaba xustamente o contrario para o que estaba pedindo o aval ao pobo grego. Creo que perderon unha oportunidade para cambiar de rumbo a Grecia, e tamén de provocar unha reflexión sobre o que están provocando neste momento todas as políticas que se están impoñendo desde a UE. Polo que vexo, consolidan un modelo neoliberal de precariedade, roubo de dereitos e desmantelamento do estado do benestar.

-E desde o BNG hai algunha proposta de non obediencia á Troika ou romper con ela?

-Que contra a Troika está a democracia. Quen nos coñeza historicamente, sabe que o BNG ten un discurso moi crítico, sobre todo o que representaba a UE, non só polo que supuxo para os sectores económicos galegos e polo que se estaba construindo, unha Europa de mercaderes. Gobernarnos o grande capital e fronte a esa ditadura encuberta, nós temos que defender é a democracia, o dereito dos pobos a decidir e que non se poden impoñer decisións que van contra da vontade popular.

-A idea de Europa dos pobos é algo no que grupos políticos como o BNG difiren con grupos como os liberais ou socialdemócratas. Para estes últimos os pobos son os estados.

-Esa idea é unha ficción. Todo o mundo sabe que hai máis pobos que estados, que a pluralidade nacional que existe en Europa é moi forte. Creo que cando emerxan os pobos emerxerá a democracia. Porque ao final, alonxar os centros de decisións non está sendo bo para o funcionamento das institucións, un maior control público ou unha mellor adaptación das políticas públicas nas diferentes realidades. Esta crise deixou ao descuberto que a Europa social era unha quimera, que

esta é unha Europa para o grande capital.

-A venda das centrais do Xallas, propiedade de Ferroatlántica, empresa vinculada a persoas investigadas na “Operación Lezo”, pode ser unha estratexia para librarse de contas opacas ou simplemente sería unha manobra especulativa?

-Teño moi claro que a venda é unha manobra especulativa. O feito de vermos a Villar Mir de novo vinculado co financiamento irregular do PP, pois que se consolide unha venda que todos saben é ilegal, que traería o despedimento de máis de trescentas persoas significaría un golpe moi duro para este país. E tamén habería moitas dúbidas sobre a que intereses responde esa autorización. Desde logo aos intereses xerais de Galiza non, porque non creo que ninguén pense que especular cun ben público beneficie a Galiza, poñendo en risco as fábricas de Cee e Dumbría. Polo tanto non debemos deixar que se vendan ou segreguen as centrais do Xallas e esixirle a Villar Mir que cumpra con este país. Porque durante décadas usou eses recursos non para mellorar a situación das factorías da Costa da Morte, senón para especular fóra do nos país.

-Intúe que en Galicia podería estalar unha operación xudicial como as que están agora abertas, ou como no País Valenciano?

-Non o sei. O que si penso é que, ao albur desas operacións anticorrupción, pasen da fase de sumario, porque non é lóxico que estean anos e anos en fase sumaria, sen pecharen, que ás veces o poder xudicial usa, ás veces de forma espúrea. Nós somos moi críticos coas actuacións xudiciais, porque estamos vendo nalgúns casos conexións entre a xustiza e a política. A utilización partidista da fiscalía non deixa de ser un escándalo. Neste momento que a Fiscalía Anticorrupción pareza unha niñada de corrupción, pois evidencia o punto de corrupción do réxime no Estado Español.

-Cal é o peso de Galicia nestes momentos en Madrid?

-Dubido se o peso de Núñez Feijoo en Madrid e pluma ou pluma. A mellor maneira de medir iso é ver cal é a importancia que



desde Madrid se lle dá ao noso país. E vemos que estamos desparecidos porque non hai unha voz propia que nos represente sen dependencia dos partidos estatais. Pero tamén porque temos un goberno galego que calquera cousa que di Rajoy parécelle ben. Mesmo se no sistema de financiamento nos sae a devolver, a Feijoo tamén lle parecería ben. Isto fainos perder oportunidades, pois o noso país precisa un cambio de rumbo dunha maneira urxente, desde un punto de vista político, económico, cultural e lingüístico. Para facelo, é preciso confiar nas propias posibilidades do país. Lamentablemente temos un goberno preocupado polo futuro de Alberto Núñez Feijoo. Cando un mira para o seu embigo, non cae na conta que tén que estar para algo máis que para que o PP gañe eleccións.

-Nunha comparecencia súa en Ferrol explicou unhas liñas bá-

sicas de actuación económica para Galicia. Cales son e de onde poderían saír 3.500 millóns de euros, logo de que o goberno central comprometese máis de 4000 millóns para Cataluña?

-Nós defendemos o cambio de modelo de financiamento. Mesmo o PP reconece que é un sistema inxusto. Que nos leva a unha deficiencia financeira. Mesmo hoxe os recursos que nos dán para educación e sanidade son insuficientes, non chegan para pagar ese sistema de financiamento. E aí, Galiza está claramente discriminada. Desde o BNG defendemos un concerto económico que signifique darlle a volta a todo iso. En vez de recadar en Madrid, que recademos en Galiza todos os impostos e teñamos capacidade para definir unha fiscalidade xusta. Con isto así, teríamos máis recursos que agora. Se facemos o cálculo de canto recada o estado

no noso país, vemos que son máis de 11.000 millóns de euros. O último retorno segundo o sistema actual de financiamento foi de 7000 millóns. Por iso, aínda que pagasemos un cupo ao estado, como fan os vascos, teríamos unha marxe de 3500 millóns de euros.

-Isto está relacionado coa política de austeridade que se vén aplicando nos últimos anos?

-Son dúas cousas diferentes. Euskadi e Nafarroa teñen concerto económico e tamén fai investimento. A alta velocidade en Euskadi é financiada polo estado e este aínda vai facer investimentos a maiores. O que nós dicimos é que un concerto económico, á parte de darnos a chave dos cartos, tamén permitiría un mellor funcionamento da administración e unha fiscalidade máis xusta. Por outra banda, son das que pensan que deben subirlles os impostos ás rendas máis altas, que é unha maneira de redistribuir mellor o capital. Coa crise vimos que as diferenzas sociais medraron máis e as rendas do capital suben. É necesario buscar elementos redistributivos para compensar as desigualdades do sistema.

-AP9, caerá o traspaso ou non?

-En fin, aquí é onde se medirá o peso político de Alberto Núñez Feijoo neste caso. Porque gobernando o PP, como é posíbel que a única iniciativa para pedir a transferencia saíse do BNG? O grupo con menos representantes dentro desta cámara. Nós dicímoslle a Feijoo que nos preocupa o discurso que tivo o PP, porque cando eu quero conseguir algo non vou diante de con quen teño que negociar para dicirle “é moi difícil”, senón que irei con empuje para defender por que e para que é necesaria a transferencia da AP9. E tamén porque os antecedentes non invitan ao optimismo. Esa lei que volvemos aprobar, xa a aprobamos había catorce meses, houbo un veto, non por parte de Ciudadanos, senón do PP en Madrid, por dous ilustres galegos, Rajoy e Ana Pastor. Creemos que é unha cuestión de vontade política. A cámara galega fala ou pide que se faga a transferencia, e non temos que esperar un debate no Congreso. Isto pode facerse mediante Real

Entrevista

Decreto, con negociacións entre Xunta e Ministerio. É unha cuestión de querer. Vascos e cataláns teñen transferidas estradas similares desde hai anos e eu non sei por que para o goberno galego sempre é difícil. É un problema de que se faga presión e quen ten que demostrar que vai utilizar a unidade das forzas políticas para un mandato claro do Parlamento é Núñez Feijoo. Se esa lei queda nun caixón, pois non acabariamos cunhas peaxes que son unha estafa para Galicia. E que nos expliquen por que hai cartos para rescatar autoestradas en Madrid e non en Galicia.

-Xa vaís máis dun ano como voceira do BNG, a primeira muller. Era hora?

-É unha reflexión que está ben, pero eu digo que o feito de ser a primeira muller na portavocía dun grupo parlamentario, é unha evidencia do machismo que existe na sociedade. Ten que ser unha fenda para que haxa unha maior igualdade das mulleres no ámbito da política e impulse máis políticas de igualdade real, que penso é fundamental para crear unha sociedade igualitaria.

-Como ve a situación da igualdade de xénero en Galicia actualmente?

-As mulleres fomos conquistando igualdade e fomos nunha dirección na que gañamos presenza pública. Non é un fenómeno natural, detrás hai un movemento feminista cun traballo moi importante, pero sei que vivo nunha sociedade patriarcal onde o valor dominante segue sendo o machismo, senón non teríamos a lista negra de mulleres asasinadas por violencia machista. Os indicadores din que as mulleres vivimos entre o teito de cristal e o chan pegañento. Pero eu son optimista porque hai moitas mulleres comprometidas e hai un debate de xénero importante entre as xeracións máis novas. Confío no papel transformador do feminismo e nos aspectos positivos que isto traerá á sociedade.

-O BNG, que chegou a ser a segunda forza política do país, agora mesmo conta con seis parlamentarios. Que explicación ten vostede para esta evolución?

-Eu diría que esa é unha pregunta para unha tese. Na política as cousas non son estáticas e o BNG ao non ser unha forza sistémica, incídenos máis crises políticas e sociais. O nacionalismo tivo unha crise política forte, sobre todo despois do ano 2009, que xa comezara no ano 2001. Iso afectou á imaxe pública e social do nacionalismo, o propio proceso de globalización incide na nosa conciencia, en como nos sentimos, e a utilidade que se lle pode ver a unha forza política como o BNG. O aznarismo tamén creou unha idea negativa sobre o nacionalismo, porque sabe que os movementos nacionalistas dentro do Estado español están cuestionando o réxime, e que poden facer agromar algo democrático e que cuestione as grandes elites que viven do centralismo español. Ademais creo que o BNG cometeu os seus propios erros, que tivo problemas porque non soubemos ler ben o que significou a crise, coas prioridades sociais que se xeneraron. Mais logo duns anos que foron duros internamente e socialmente, aprendemos dos nosos erros, estamos nunha nova etapa. Penso que estamos reconectando con máis persoas que miran para o nacionalismo. Teño tamén a convicción de que somos a peza necesaria para que algo cambie. Con todo ese realismo e traballo que queda por facer, penso que o importante é mirar cara adiante e non cara atrás.

-De onde viría esa renovación?

-Acertamos coa nos vinculación cos problemas sociais que se viven hoxe, cun proceso de renovación xeracional que tivo boa acollida social, cunha organización que no seu balanço con este país, o nacionalismo sempre foi



positivo para Galiza. Sigo convencida de que para que Galiza teña futuro como nación máis próspera, necesitamos un nacionalismo máis forte.

-Cales foron os temas ou problemas sociais que fixeron cambiar a visión dentro do BNG?

-O BNG foi pioneiro nalgúns deses puntos, é algo que eu constato, como foi pedir a dación en pago. Pero nada diso se trasladou á sociedade, a crise colleunos cunha crise interna moi forte e en certos momentos, non soubemos trasladar que a defensa da nacionalidade e da sociedade son caras dunha mesma moeda. Nestes anos fomos recollendo as preocupacións da xente a respecto dos servizos público, coa falta de alternativas ou a emigración.

-Nese sentido, cambiarán os sistemas de asembleas e eleccións internas para adaptarse aos tempos?

-Nós non vivimos nunha asemblea permanente, pero si que somos unha organización asamblearia. Creo que a demo-

cracia é importante como sistema político e como forma de funcionamento interno dunha forza política. Eu non crería nunha organización popular con líderes supremos. Prefiro equivocarme cunha maioría que acertar cun líder supremo.

-Estaría o BNG preparado hoxe para realizar posibles alianzas?

-Estamos xa en alianzas en moitos concellos con forzas da esquerda española. Cada quen representa alternativas políticas diferentes, pero cando nas institucións non hai maiorías claras sempre hai posibilidades de diálogo. Nós o que non imos facer é integrarnos en forzas políticas de ámbito estatal. Non forma parte do que poidamos compartir. Ás veces hai un discurso de que se todos nos unimos contra o PP, as cousas xa funcionan. A historia demostrou que para que un proxecto político funcione, ten que ter un marco, ideas e principios en común. Senón pode ser algo moi frustrante para a sociedade.

-Independentismo ou federalismo?

-Quédome co nacionalismo. A defensa do dereito de autodeterminación, que é unha posición que ten o BNG historicamente, o que representa é o dereito dos pobos a decidir. Se nos recoñecen ese dereito, nós sentarémonos a decidir cal é a mellor opción para Galiza. De momento estamos nunha fase moi distinta dese proceso, pois estamos defendendo cousas tan básicas como beneficiarnos dos recursos que xenera este país. Calquera pobo que queira cambiar a súa tendencia na historia ten que cambiar a tendencia na que vai. Preocúpame que a tendencia na que vamos os galegos é que somos menos e vamos máis vellos. Temos que estimular as nosas potencialidades como pobo, porque cando o facemos acadamos cousas importantes. Como galega sintome orgullosa do que fai o goberno de Pontevedra, que pon a Galiza no mapa das referencias como modelo de sostibilidade urbana. Iso pode facerse noutros terreos, pero para iso debemos adaptar políticas á realidade do noso país.

Por FUCO



Galicia

Redacción VIGO

O Concello de Vigo adxudica a redacción do proxecto da Porta do Sol por 140.000 euros

Abel Caballero informou dos avances dunha das "grandes obras" de Vigo "polo que significa, porque a cidade necesita unha gran praza de encontro, que sexa de todos, e esta será a nova praza da Porta do Sol".

Esta "histórica" actuación, dixo, contará cun túnel que será compatible co aparcamento que xa está construído e que, como ata o de agora, contará con prazas para residentes. O subterráneo arrancará na metade da rúa Elduayen e rematará a principio da rúa Policarpo Sanz o que permitirá crear unha gran praza que conectará a rúa Príncipe coas prazas da Princesa e da Constitución, ademais do Barrio do Cura.

A Xunta de Goberno Local deu luz verde á clasificación de ofertas para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e a transformación peonil da actual rede viaria, un proxecto cofinanciado por fondos FEDER da Unión Europea e que ascende no seu conxunto a 6 millóns de euros. A UTE GOC S.A. Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación S.L. será a encargada de redactar o proxecto por un im-



porte de 140.965 euros. Despois, avanzou, chegará a cualificación arqueolóxica e a realización da obra.

Ademais, quedou aprobada a adxudicación para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu que supoñerá un investimento de 628.000 euros e que servirá para adecuar unha rúa "que se fixo nos anos 50 e 60 coa visión propia daquel tempo". O prazo estimado de execución é de cinco meses

Ascensor de Camilo José Cela

O rexedor deu conta tamén do inicio o próximo luns 12 de xuño das sondaxes arqueolóxicas para as obras de instalación do ascensor do Parque Camilo José Cela

que unirá Torrecedeira con Pi y Margall, dentro do programa Vigo Vertical. Os traballos comezarán unha vez conseguida a autorización da Xunta de Galicia coa previsión de acometer a obra a primeiros de 2018.

Caballero puxo en valor o "noso entendemento dun Vigo distinto, moderno, con ascensores, ramplas mecánicas, escaleiras mecánicas que están transformando unha cidade chea de montañas nunha cidade vertical" avanzando os proxectos da Gran Vía, que se está desenvolvendo, o ascensor de Pizarro ou as escaleiras mecánicas da Segunda República das que se acomete a segunda fase.

Iniciase a peonalización do Casco Vello de Bouzas

Este venres, 9 de xuño, a partir das 10.00 horas, comezará a peonalización do Casco Vello de Bouzas. "É unha zona histórica dunha importancia capital na cidade e queremos que sexa tratada como zona peonil", destacou.

A peonalización abarcará toda a zona, desde as rúas Ferreiros e Pazo, a Praza da Vila ata a ligazón con Eduardo Cabello e todas as adxacentes ata a igrexa. A rúa Ferreiros poderá descenderse para entrar en Casiano Martínez, pero estará sinalizado que non ten saída.

O resto da zona estará peonalizada pero terá acceso per-

mitido aos residentes e a carga e descarga de 8 a 11 horas. "Ambas zonas serán semipeonalizadas, o que significa límite de velocidade de 30 quilómetros hora e preferencia a peóns", detallou o rexedor que tamén sinalou que esta franxa horaria podería ampliarse no caso de ser preciso.

O aparcadoiro estará prohibido en todo o Casco Vello de Bouzas, "son poucas as prazas eliminadas, tan só unha decena, pero é un efecto importante para facer da zona un lugar de encontro; creo que é unha magnífica noticia para a cidade, para Bouzas e para o Casco Vello", finalizou.



Seis disciplinas centran o Verán Deportivo, a oferta de competicións para a praia de Samil

O programa patrocinado polo Concello desenvólvese dende o 10 de xuño ata o 2 de xullo de 2017 coas modalidades de balonmán, tenis, voleibol, futvolei, fútbol e cachibol.

Cunha bancada para que unhas 90 persoas poidan seguir sentadas os partidos, Vigoarea comeza esta fin de semana coa competición de voleibol praia, a decimoquinta edición. Será ese o primeiro dos Cidade de Vigo en disputa, pois Samil acolle ata cinco trofeos co nome da urbe, todos eles moi consolidados. A uns metros do complexo deportivo municipal, Evento Global, a empresa organizadora, montará o Vigoarea, un recinto acoutado para a práctica de varios deportes.

Patrocinado polo Concello de Vigo (a nivel económico e lo-

xístico), ademais de por Coca-Cola, Gadis, Decathlon, Rodosa e Aquabona, o evento celebrase en catro fines de semana ao longo de todo este mes.

A organización contou con máis dun milleiro de inscritos o ano pasado no areal urbano vigués, aspirando a superar esa cifra este ano. "O balonmán é a modalidade con máis tradición e o evento estrela de todos os campionatos en xogo", explicou Justo Olea en representación de Verán Deportivo. De feito, pertence ao circuíto galego de balonmán praia, que decide a praza para o Campionato de España.



Acompañaron ao concelleiro e á organización María Troncoso (Coca-Cola), Gerard Cabré (Decathlon), Alberto Rodríguez (Federación Galega de Balonmán) e Rebeca Hernández, do Club Volei Praia Vigo.

Coa celebración do torneo de voleibol praia (10 e 11), único con premios en metálico, o seguinte evento será o XX Cidade de Vigo de balonmán praia (do 16 ao 18); despois, o

XIII Cidade de Vigo de tenis praia (sábado 24), o XV Cidade de Vigo de futvolei (domingo 25) e o Cidade de Vigo de fútbol praia (30 de xuño ao 2 de xullo).

O Concello apoia a DOA e APAMP


Orexedor asinou hoxe un convenio de cooperación coa Asociación de axuda ao enfermo mental DOA por un importe de 7.290 euros, que servirá para a realización de diversas actividades e talleres de cartón-pedra, coiro e serigrafía.

Por outra banda, o alcalde reuniuse coa asociación de persoas con parálise cerebral APAMP para asinar un novo convenio que se une aos xa subscritos. "Temos un convenio de xuventude de 22.500 euros, unha acción importante de Plan de Emprego de case 30.000 euros e unha acción de benestar para as familias, o que significa que temos convenios por valor de 55.500 euros", destacou. Ademais, o concello financia terapias con cans e encárgase de labores de mantemento do centro.

Presentado o anteproxecto para a rehabilitación das cubertas de Riazor cun investimento de 8,2 millóns

Os concelleiros de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, e de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, presentaron en rolda de prensa as liñas xerais do anteproxecto de rehabilitación das cubertas do estadio de Riazor, de titularidade municipal e que explota o Deportivo da Coruña. Segundo destacaron os representantes municipais, a actuación deseñada "garante que o procedemento de licitación se levará a cabo con total seguridade", fronte ás "inseguridades" que introduciu o proxecto deseñado polo anterior Goberno local. A este respecto, Sande salientou que "o compromiso do Concello con esta obra é e sempre foi total, cousa que podemos ver non só no empeño de garantir en todo momento a solvencia da mesma, para non poñer parches temporais, senón tamén no investimento, que supera amplamente o previsto polo Goberno do PP". Ao respecto, o titular de Deportes recordou que nun principio realizouse unha previsión orzamentaria para a obra de 7 millóns de euros, que vén de ampliarse até superar os 8,2 millóns de euros debido ao calado das obras. "Unha cantidade moi superior fronte aos 2,5 millóns de euros do anterior proxecto", resaltou. "A principal motivación en todo este proceso é garantir a seguridade estrutural dunhas cubertas que se atopaban nun estado precario tras décadas de desleixo", engadiu o concelleiro de Rexeneración Urbana.

En concreto as obras consisten en substituír as dúas cubertas



Xiao Varela e José Manuel Sande presentaron a proposta do Goberno local para a rehabilitación das cubertas de Riazor

máis deterioradas do estadio e reparar e rehabilitar o resto. Ao fio, introduciranse máis melloras, como a cubrición da metade da grada de preferencia inferior, actualmente á intemperie. "Se non se puido contemplar finalmente a cubrición total foi debido á complexidade técnica e o aumento orzamentario que suporía o reforzo de toda a estrutura de formigón, ademais da afección que a obra tería sobre os palcos", destacou Varela, que salientou que esta decisión, así como o conxunto das mesmas, foi sempre falada co Deportivo. "Ademais, a obra comprende tamén o pechado dos fondos superiores das catro bancadas, que até o de agora estaban abertas, algo que non axudaba á conservación da estrutura debido ao ambiente mariño e o salitre que confire a presenza do mar".

O anteproxecto tamén trata, no seu conxunto, de "renovar a imaxe do estadio", xerando unha imaxe máis unitaria da cuberta, tanto no que se refire á xeometría como aos

acabados e mellorando substancialmente a visibilidade interior do estadio. "Grazas á cubrición da cuberta, unha lámina que se situará enriba da estrutura e que combinará chapa con policarbonato, haberá máis luminosidade", destacou Xiao Varela.

Por outro lado, o concelleiro destacou que a obra prevista no anteproxecto facilita a conservación e mantemento das instalacións e a propia estrutura, "unha medida especialmente aplaudida polo propio club, e que mellora en moito a accesibilidade da que dispón á hora de poder abordar estas tarefas", xa que a estrutura da cuberta será accesible sen medios auxiliares. "A solución que planteamos é, por un lado, permitir que a cubrición da cuberta se poida pisar, con bandas de chan transitable; ademais as cubertas permiten accesibilidade por dentro, de cara a poder reparalas e revisalas, e contemplamos a rexeneración dunha galería de servizos no anel perimetral interior, co cal se pode

acceder, por exemplo, tanto aos focos como ao cableado", comentou. "Todas estas actuacións están contidas nese anteproxecto que prevé un investimento de máis de 8,2 millóns", insistiu. Varela recordou ademais que a licitación do proxecto e a obra abordaranse de forma conxunta, co que se acurtarán prazos. "O que buscamos foi, por todos os medios, evitar que se puideran repetir os problemas que houbo na licitación levada a cabo polo Goberno local anterior en base a un proxecto que presentaba deficiencias", observou.

No que atinxe aos prazos, os concelleiros recordaron que o inicio da licitación terá lugar este mes, para que proxecto e obra poidan estar adxudicados a final do presente ano, de acordo coa folla de ruta marcada polo Goberno local e acordada co propio Deportivo. "O inicio das obras está marcado para maio de 2018, segundo os tempos do parón de xogo. Aproveitaremos ese tempo para, en tres meses, cambiar as cubertas longas do estadio, que é o traballo de carácter máis invasivo que requirirá da ocupación do céspede", manifestou Varela, que apuntou que o anteproxecto prevé tamén o cambio do céspede que poida quedar afectado polas obras. "Posteriormente, e até maio de 2019, realizaremos as reparacións dos fondos e cambio da cubrición, pero compatibilizando sempre as obras cos partidos. É un calendario asumible que será en todo momento consensuado co Deportivo da Coruña", dixo.

A Coruña dase a coñecer en Andalucía



O concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, que preside tamén o Consorcio de Turismo, viaxou esta semana a Andalucía para dar a coñecer a oferta turística da cidade e promocionala como destino atlántico. Acompañado da xerente de Turismo, Lanzada Calatayud, e dunha delegación do sector hoteleiro da cidade, o responsable municipal realizou senllas presentacións en Sevilla e Málaga, nas que salientou "o carácter multiexperiencial da Coruña, que abrangue todos os segmentos de produtos e público". Nelas, Lema puxo especial atención ao amplo catálogo de actividades e propostas relacionadas coas festas coruñesas, como o San Xoán ou a Festas de María Pita, e, en concreto, o festival Noroeste Estrella Galicia, que se celebra entre o 8 e o 13 de agosto en distintos emplacements da cidade.

O Consorcio de Turismo tamén fixo unha aposta pola gastronomía, a través da presenza de tres chefs da asociación Coruña Cocina, como son Pablo Gallego, Javier Freijeiro e Moncho Bargo.

Ambas presentacións, de carácter profesional, congregaron a máis de 160 axentes turísticos.

Goberno local dá luz verde á regulación das terrazas da zona centro

A Xunta de Goberno local aprobou a aplicación do ordenamento singular das terrazas das rúas peonís situadas no ámbito do plan de especial protección de Cidade e Pescadería (Pepri), o que posibilitará regular as ocupacións de espazo público por parte de establecementos hostaleiros en 34 rúas da zona centro da cidade caracterizadas pola súa alta ocupación. Así, como norma xeral, e de acordo coas características de cada zona,

a aplicación deste recurso servirá para asegurar a accesibilidade a estas rúas, nas que será obrigatorio deixar un espazo de 2,5 metros, de cara a facilitar a accesibilidade das persoas con diversidade funcional e o fluxo peonil, pero tamén o acceso de vehículos de seguridade. Ademais desta aprobación tamén vense de adxudicar o contrato do servizo de inventario, cartografía e sinalización das terrazas dos establecementos de hostalería

situadas nas rúas peonís da zona centro da cidade. "Estas dúas actuacións serán fundamentais para acurtar tempos e garantir que este verán as rúas da zona centro con ampla concentración hostaleira teñan o seu espazo regularizado permitindo, en calquera caso, garantir o dereito da cidadanía á accesibilidade e á asistencia sanitaria de urxencia", indicou.

As rúas afectadas por esta ordenación singular son: Alameda, Arévalo, Travesías das Hortas, Estrela, Mantelería, Olmos, Galera, Arco, Boquete de San Andrés, Álvaro Cebreiro, Travesía da Mariña, Agar, Luchana, Fama, Real, Rego de Auga, Torreiro, Travesía da Estreita de San Andrés, Travesía de

Corderería, Barreira, San Nicolás, Bailén, San Agustín (tramo peonil), Florida, Franxa, Ángel, Oliva, Trompeta, Capitán Troncoso, Marqués de Cerralbo, Travesía de Porta de Aires, rúa Real e caleixón da Estacada.

Aínda que cada rúa unha presenta as súas particularidades, a distribución dos espazos mantérase de maneira máis ou menos uniforme. En concreto, nas rúas peonís cun ancho de vía superior aos 6 metros deixarase un itinerario peonil mínimo e libre de obstáculos de 3 metros, sendo a ocupación máxima do ancho de vía permitida de menos do 50%. Por outro lado, nas rúas cun ancho de entre 2,5 e 6 metros deixarase un itinerario peonil

libre de obstáculos de 2,5 metros, de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencia e outros autorizados. Nas rúas peonís cun ancho de entre 1,80 metros e 2,5 metros deixarase un itinerario peonil libre de obstáculos de 1,80 metros, non sendo posible instalar terrazas nas rúas peonís con ancho inferior aos 1,80 metros.

Con todo, este ordenamento ampliará o abano de posibilidades para o emprazamento das terrazas de cara a facilitar que non só poidan ampliar o seu espazo á area colindante na que se atopan, senón tamén ás zonas enfrontadas, no caso de que contén coa autorización dos ou das propietarios.

Galicia

Redacción Compostela

Arranca o V Concurso de Publicidade Comercial en Galego para fomentar o uso da lingua no pequeno comercio de Compostela

A concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, Marta Lois, presentou a quinta edición do Concurso de Proxectos de Publicidade Comercial en Galego, un certame que pretende ser "un incentivo para a galeguización da comunicación entre as empresas e o público e tamén un recurso para promover a calidade e a creatividade nesa comunicación".

Este concurso pretende impulsar esa coherencia entre a publicidade e o trato directo, coherencia lingüística que, por outra parte, concorda perfectamente coas recomendacións que dende outros ámbitos se difunden a respecto de como deben presentar a súa oferta as empresas.

O Concurso de Proxectos de Publicidade Comercial é un certame aberto ao que se poden presentar os establecementos empresariais radicados en Com-



postela (de calquera ámbito, localización ou tamaño) e os profesionais da comunicación e a publicidade.

A titularidade do proxecto que presenten pode exercela calquera das dúas partes que o sosteñen pero, necesariamente, este ten que contar coa asociación de ambas. Non é preciso que formen ningunha UTE ou empresa, simplemente é necesario que o proxecto publicitario sexa para un negocio asentado en Compostela, que sexa viable, e que estea de-

señado por profesionais.

Deste xeito preténdese que as dúas caras imprescindibles para lograr campañas de calidade e atractivas se poñan en comunicación e cooperen. A finalidade é que planifiquen un bo proxecto de comunicación en galego, que sirva aos seus intereses económicos e, en consecuencia, se converta no mellor exemplo de que en galego se vende e que o galego vende. Por iso, o lema desta campaña é "Coa lingua conectas", precisamente para subliñar que o galego permite que nos comuniquemos mellor.

Os proxectos poden deseñarse para calquera formato e soporte, con absoluta liberdade creativa. Haberá dous premios dunha contía de 5.000 euros. O prazo para presentar os proxectos ao concurso remata o 30 de xuño. As bases poden consultarse no enderezo electrónico do Departamento de Comercio.

Constituída a Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero

A concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, Marta Lois, presidiu a constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, que reúne a diversas administracións, colectivos e entidades para tecer políticas públicas comúns que erradiquen a violencia de xénero.

A Mesa estivo formada pola Secretaría Xeral de Igualdade, representada por Susana López Abella e Belén Liste; a Subdelegación do Goberno, a través de Judit Fontela; Alejandra Domínguez, do Corpo Nacional de Policía; Diana Parente, da Policía Local de Santiago; Servizos Sociais e CIM do Concello; Colectivos Feministas como a Plataforma Feminista Galega e Conas Ceives; a Xerencia da Xestión Integrada do Sergas; Inspección Educativa de Santiago e os colexios oficiais de Educado-

ras Sociais, de Psicoloxía e de Traballo Social.

Nesta primeira sesión, ademais de constituírse a Mesa Local, definíronse os seus obxectivos e funcións, a proposta de funcionamento e as actuacións que se levarán a cabo para mellorar a coordinación. A idea da Mesa é que se reúna, como mínimo, dúas veces ao ano, sen prexuízo de que se poida reunir por circunstancias excepcionais.

Obxectivos

Os obxectivos e funcións desta Mesa son determinar criterios para a detección precoz de casos de violencia no ámbito local; acordar principios comúns para a detección e a atención en casos de alto risco; realizar seguimento dos casos ou impulsar estratexias de sensibilización como o caso de Compostela en Negro, proposta polo Concello de Santiago e á que se adheriron máis dunha ducia de Concellos.

16
O-Dezaseis

• Casa de Xantar •

San Pedro 16
Santiago de Compostela
981 57 76 33



Por Moncho Mariño

Paula Ríos e Pilar Estévez, Plataforma Feminista Galega

“As violencias de xénero son múltiples e diversas”

A Plataforma Feminista Galega (PFG) naceu a partir da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto. Daquela confluíran varios colectivos feministas contra a chamada “Ley Gallardón” que pretendía reformar a lexislación relativa ao dereito ao aborto. Durante dous anos de traballo, chegouse á conclusión que tamén era necesaria unha unidade semellante fronte á multiplicidade de violencias de xénero. Falamos con Paula Ríos e Pilar Estévez, integrantes da PFG.

-Por que falades de violencias de xénero?

Paula Ríos- Porque son múltiples e diversas. Socialmente está aceptado como violencia de xénero un asasinato. Pero non está interiorizado o “piropo” como violencia. Ese elemento é opinar sobre o corpo das mulleres, cousi-ficalo e sexualizado. Ir pola rúa non implica que ninguén teña que dar a opinión sobre o meu corpo.

Pilar Estévez-Eu engadiría que o proxecto de Gallardón fixo que se reactivasen colectivos de mulleres. Porque parecía que xa nos deixábamnos levar, porque en teoría xa se tiña acadado e unha parte do feminismo estaba como adormecida e outra parte estaba alerta. Por iso o “proxecto Gallardón” reavivou ao que estaba parado e alertar ao que estaba esperto. A PFG reuniu nun espazo común a diversidade do feminismo. Penso que ademais en Galiza fixémoslo ben e puidemos ser altofalante de movementos sociais, que non é doado.

-Hai semanas morre un neno presuntamente a mans do pai, quen estaba separado da nai. Que falta na sociedade para que cousas así non ocorran?

P.R.-O neno foi asasinado polo pai que confesou. Na linguaxe tamén temos unha trampa, que no caso dos asasinatos machistas “aparecen mortas”, pero noutros casos non teñen problema en dicir que foron asasinados. Comparando noticias, vemos que se unha muller é a que mata a un varón o titular moitas veces é: “asasina ao marido”. Se é ao revés “aparece morta e deteñen ao marido”. Tamén desde o feminismo temos dito moitas veces que o núcleo tradicional de pai-nai, segundo a visión aceptada, é imprescindible para desenvolvemento dunha persoa. Pero non se mira que un pai que mata ou bate todos os días na túa nai, non pode exercer a función de pai. E ademais de criticar esa figura de pater familias, tamén chamamos a atención sobre a cus-

todia dos fillos e fillas. É unha das armas dos agresores contra das mulleres, atacar onde máis doe.

P.E.-Neste caso tamén debemos dicir que todo o protocolo de réxime de visitas, custodia dos fillos etc., é revisábel. Mesmo o presidente da Xunta reconece que isto debe mudar, porque a sociedade cambiou e que un pai que violenta á nai e aos fillos non debera ter o mesmo réxime de visitas. Por iso dicimos que se debe revisar ese protocolo, que a xustiza debe tomar cartas no asunto xunto co lexislador ou poder político de turno, e falo desde unha perspectiva social e do público, para protexer a nai e fillos e fillas.


-Debe entón a sociedade educar ou asumir a responsabilidade de custodia das crianzas?

P.E.- Non, pero a sociedade ten que entender que é un valor social. Non pode ser que, por exemplo, a lei do menor que é proteccionista, non ten en conta o interese do menor nas custodias, senón que teñen en conta os intereses dos pais. Por iso desde o feminismo non queremos que os menores sexan unha arma que podan usar pais contra nais ou ao revés. A custodia compartida é revisábel. Pero tampouco pode haber un réxime de visitas con normalidade por parte dun maltratador.

P.R.- O mínimo que temos asumido o feminismo é que unha persoa que maltrata non pode educar ben. Por iso hai que romper a idea de que ser pai, compartir xenes, xa é bo.

-Quen mata a súa parella e fillos é unha vítima?

P.R.-Non no concepto que se ten asumido socialmente. Os agresores machistas son parte dun sistema social enfermo. Visto así, son vítimas do sistema heteropatriarcal. Pero tamén cremos que hai que empoderar as mulleres que pasaron por esta situación, para que deixen de ser vítimas. Porque sería revictimizar.



-Que é empoderar a muller?

P.E.- Pois é sentirnos plenas para resolver a nosa situación, con nós mesmas e sentirnos suxeitos activos nas nosas vidas. Para ter conciencia dos nosos criterios, vaía social e das nosas posibilidades. Desenvolverte como suxeito en toda a túa vida.

-Cales eran os puntos do “proxecto Gallardón” para a mobilización que houbo na súa contra?

P.R.- Volver a unha lei de supostos e non de prazos que era a reivindicación histórica do feminismo. Por exemplo, tería máis peso o que dixese o persoal médico ou un xulgado, antes do que dixese a muller. Sen ter en conta que as mulleres somos persoas adultas e temos dereito a decidir o que queremos. Basicamente, e como dixo Gallardón presentado a súa lei, a finalidade última da muller é a maternidade. É unha idea neoliberal, que as mulleres volvamos para a casa, porque estamos quitando moitos postos de traballo.

P.E.- Cunha lei de supostos xa é partir de que ti non téés dereito a decidir. Que basicamente a perdoan, usando termos cristiánizantes. Terase en conta o teu criterio, pero tamén co criterio doutros sobre o teu corpo. Cos prazos, suponse que téés ese dereito e que nun momento da túa vida podes levalo adiante sen correr risco. Tamén hai sectores do feminismo que piden un aborto libre e gratuito, decisión plena da muller na súa situación vital.

-Por que non se acepta o aborto libre e gratuito?

P.E.- Porque, segundo quen non o acepta, as mulleres non somos suxeitos que teñamos dereito sobre os nosos corpos. Falamos tamén do concepto de sociedade patriarcal nun país católico e negarnos a capacidade de sermos donas do que queremos facer. Para esta sociedade deberíamos ser suxeitos pasivos sen capacidade de decisión.

P.R.- O que fixo a lei foi despenalizar as prácticas do aborto dentro duns prazos. Pero a realidade é que o aborto segue estando dentro do código penal. Iso é por considerarnos ás mulleres eternas menores. Agora permítesenos nalgúns casos sen ter que ir á cadea.

-Vendo a moda que lle venden á xente máis nova, os modelos de comportamento visualizados nalgúns programas de TV, non credes que a mocidade está moi sexualizada ou que hai unha especie de retroceso nalgúns valores?

P.R.- Sorprende que cadeas de roupa con moita presenza no mercado, exploten ás nosas irmás noutros países menos desenvolvidos. Tamén explotaron ás mulleres de aquí no seu momento, cando a situación de pobreza era maior. Sorprende ademais, que esas cadeas de roupa vendan “camisolas feministas”. Esas cadeas de roupa non poden ser feministas nunca, porque están explotando ás nosas irmás fóra e dentro. Por iso, nunha

sociedade no que o visual e superficial pesa máis, se dean pasos atrás en cuestións que estarían xa superadas.

P.E.- Habería que chamar a atención tamén de que estamos volvendo ao modelo home-muller. Cuestionan mesmo un proceso que está na sociedade como son outras sexualidades. Mesmo na música actual, con letras de amor idealizado e posesivo, reggeton que é moi machista.

-Mercantilización?

P.R.- Mercantilización absoluta das persoas. Aos varóns pídeselles estar esculpidos de ximnasio. Non é a imaxe clásica do masculino, pero agora mesmo tamén se converte nunha doenza. As persoas non nos axustamos, non podemos axustarnos, aos modelos da industria porque ademais, tampouco podemos gastar tantos cartos en manter ese modelo. E persoalmente, penso que é un triunfo do individualismo.

P.E.- Tamén é que lles venden un “modelo” estético falso de “fago o que quero e o que me peta”. A liberdade é que podas desenvolverte na vida, sen que teña que influir poñer esta ou aquela prenda. Realmente o feminismo é a revolución pendente.

P.R.- Os dereitos que demanda o feminismo non son só para as mulleres, son para o conxunto da humanidade. O patriarado non é bo para os varóns tampouco. O feminismo demanda ter igualdade de dereitos, cada quen na súa forma.

Galicia

Redacción LUGO

Sober celebrou a XVIII Festa dos Avós

O Concello de Sober celebrou o sábado 13 de maio a XVIII Festa dos Avós. Como todos os anos o ágape serviuse no pavillón CEIP Virxe do Carme e prolongouse durante toda a tarde. A celebración incluíu misa, xantar, actuación musical e sorteo de numerosos agasallos cedidos polos comercios da comarca. O prezo das entradas foi de 10 euros para empadroados e 20 para os non empadroados. O menú consistiu en empanada, polbo, carne asada con patacas, sobremesa, cafés, refrescos e viño de Amandi.

O alcalde soberino, Luis Fernández Guitián, puxo en valor a celebración desta festa “que ten unha gran tradición no noso Concello e congrega cada ano a un gran número de asistentes”. Guitián precisou que esta festividade “pretende ser unha ho-



O alcalde cos veciños que superan os 90 anos.

menaxe aos nosos maiores”.

Para facilitar o acceso dos avós ao ágape, o Concello puxo en funcionamento varias liñas de autobuses que fixeron as paradas necesarias no percorrido e volveron a levar as súas casas aos comensais ao remate da celebración.

Esta festa cumpriu 18 anos, nesta ocasión coa participación

de catrocentas persoas. Luís Fernández opina que “a festa cada ano vai a máis. Estou encantado cos resultados, sobre todo por contar coa presenza de ata doce veciños que superan os 90 anos de idade, pero tamén polo feito de que este encontro sirva para que moitos veciños poidan verse, pois algúns só se encontran este día en todo o ano”.

Viaxes en globo pola Ribeira Sacra



Globos con saída desde Monforte.

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra retoma as viaxes en globo. Nas fins de semana do 2 ao 4 e do 9 ao 11 de xuño “retomaremos as viaxes pendentes correspon-

dentes ao sorteo da campaña “Pasaporte ás nubes de Ribeira Sacra”, ao tempo que se amplían as prazas para as persoas interesadas en adquirir unha viaxe en globo aerostático. Po-

ñeranse á venta 32 prazas nesta primeira quenda de vós e, en función da demanda e resultados, estenderase a actividade a outros momentos do ano”, asegura a xerente Sandra Seara. A campaña contemplaba a realización das viaxes a finais do pasado outono, pero as condicións meteorolóxicas desfavorables obrigaron a pospoñelas. Lembremos que as persoas agraciadas participaron no sorteo de 72 prazas logo de cubrir unha credencial con 8 selos das actividades e servizos dos que fixeran uso durante a súa estadía en Ribeira Sacra”, día a xerente do Consorcio.

Prevese que nunha das fins de semana se saía con dous globos por día dende unha localización próxima ao Canón do Sil e na outra fin de semana, dende as proximidades das ribeiras do Miño. O prezo da viaxe por persoa será de 120 € (o prezo habitual de mercado para viaxes á medida é de 170 € por persoa).

Sober lamenta o falecemento de Belarmino Fernández Iglesias

O goberno local do Concello de Sober amosa as súas condolencias polo recente falecemento do empresario Belarmino Fernández Igle-

sias, nacido na parroquia de Rosende no ano 1931. O alcalde, Luís Fernández Guitián, trasládalle a toda a familia e a amigos e coñecidos do finado o seu máis

sentido pésame.

O rexedor soberino recorda que Belarmino era un veciño moi querido e apreciado en Sober, “un emprendedor nato,

Punto de Atención á Infancia en Sober

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou o Punto de Atención á Infancia (PAI) do municipio lucense de Sober que da servizo ás familias de 20 nenos e nenas. “Queremos que Galicia continúe á vangarda das comunidades autónomas que maiores facilidades ofrecen ás familias para ser pais e nais”, apuntou. No caso do PAI de

Sober, a Xunta vén de destinar o ano pasado máis de 28.000 euros para o seu mantemento e mellora. A Consellería investiu neste equipamento 9.200 euros con cargo ao Plan Concertado e outra partida extraordinaria de 19.600 destinada a obras menores de reforma e de accesibilidade, así como para a adquisición de mobiliario e material didáctico.



Conselleiro e alcalde cun neno no PAI.

Feira dos produtos do campo



A alcaldesa Lara Méndez con Francisco Conde.

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou o relevante papel do comercio de proximidade, sinónimo de profesionalidade e experiencia, durante a súa intervención como pregoeiro na XX Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro 2017, que se celebrou en

Lugo. Organizada pola Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, a feira contou con máis de 100 postos de Galicia e outras rexións da Península. Neste sentido o conselleiro salientou que este tipo de accións axudan a crear emprego, riqueza e dinamizar as vilas e cidades galegas.

que con só 20 anos emigrou a Brasil para buscarse a vida coa súa paixón, a hostalería, e alí fundou un imperio que se estendeu por varios países”. O alcalde salientou ademais que “grazas a Belarmino contamos no noso Concello coa exitosa Escola da Fundación que leva o seu nome”. Guitián puxo de relevo que pese ao seu grande éxito en numero-

sos países polo seu impecable traballo, nunca esqueceu a súa terra natal, en Rosende, a onde regresaba sempre que podía. “Estamos moi orgullosos de todo o que este veciño fixo polo noso Concello e estaremoslle eternamente agradecidos. É unha grande perda para o noso municipio”, apuntou o alcalde soberino.

Arquivada a causa que investigaba a Baltar por ofrecer emprego por sexo

O xulgado de instrución número 3 de Ourense arquivou provisionalmente “por falta de acreditación indiciaria” a causa aberta contra o presidente do PP e da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, ao que imputara os delitos de acoso sexual, suborno e tráfico de influencias por supostamente ofrecerlle a unha traballadora da institución un emprego a cambio de sexo. Quedan tamén libres de cargos o pai, José Luis Baltar Pumar, o xefe de Recursos Humanos da Deputación, José Luis Suárez e a denunciante, imputada por un suposto delito de tráfico de influencias.

A xuíz, Eva Armesto, reconece no auto que das conversacións gravadas pola muller e achegadas como probas “resulta que o investigado solicita ou polo menos acepta” dela “un favor de natureza sexual para realizar no exercicio do seu cargo unha acción ou omisión” que lle permitise a ela obter un emprego na institución pública “sen cumprir os requisitos legais”. A maxistrada considera que non existe un dos elementos de tipo penal do acoso sexual denunciado, que castiga a quen pide favores sexuais “no ámbito dunha relación laboral, docente ou de presta-

ción de servizos”.

A maxistrada sinala que non queda “suficientemente xustificada a prestación de servizos” da demandante na Deputación e no PP de Ourense, xa que aínda que os empregados do organismo provincial confirmaron que ela traballou nestas entidades non se puido probar que cobrase por ambas as tarefas. Tampouco queda acreditado, sostén Eva Armesto, que José Manuel Baltar ostentase cargo público algún ata 2010 nin que influíse no seu pai, que nese momento era o presidente do PP e da Deputación.

Segundo o auto tampouco queda suficientemente xustifico o delito de suborno, que o presidente ourensán actual comunicábase co xefe de persoal, nin co asesor xurídico da Deputación, nin que dese instrucións para que lle buscasen un emprego á denunciante, polo que sobresee tanto para él como para o seu pai este delito. No caso do xefe de persoal da Deputación, a xuíz sostén que non quedou xustifico que realizase algún acto “contrario ás funcións do seu cargo”.

Democracia Ourensá

A acusación popular que exerce a partido Democracia Ourensá anuncia que recorrerá o

auto no que respecta ao sobresemento dos delitos de suborno e tráfico de influencias. Miguel Caride, letrado de DO, sostén que o parágrafo no que a instrutora reconece, en base ás gravacións achegadas, que Baltar “solicita ou polo menos acepta” da muller “un favor de natureza sexual”, é materia suficiente “para elevar a denuncia ao órgano encargado de axuizar” se o presidente ourensán incorreu ou non nestes delitos. O fiscal xefe de Ourense reclamara desde o inicio o sobresemento desta causa.

PSdeG-PSOE

O PSdeG-PSOE esixirá explicacións a Manuel Baltar. “O auto a xuíza certifica que Baltar “acepta de Teresa F. un favor de natureza sexual para realizar, no exercicio do seu cargo, unha acción ou omisión (nombramento da mesma para un emprego público sen os requisitos legalmente establecidos para elo) pois José Manuel Baltar Blanco comprometiase a facer o posible para facilitar a Teresa a obtención dun traballo sen cumprir os requisitos legais”.

O portavoz provincial do PSdeG-PSOE, Francisco Fraga, asegura que os socialistas respectan estritamente a decisión provisional adoptada pola xustiza



Baltar entrando no xulgado para declarar o 16 de marzo de 2016.

pero, o mesmo tempo, aseguran que os feitos relatados no auto como probados son “moi graves e moi clarificadores pois sacan a relucir as artimañas do baltarismo cos postos de traballo públicos na provincia con condutas nin éticas nin exemplarizantes”.

“Levan un cuarto de século enchufando sen ton ni son e agora queda claro que Manuel Baltar rizou o rizo do enfangamento político ó mezclar asuntos sexuais con postos de traballo público”, asegura. “Condearon a Baltar pai por enchufismo e agora a xustiza pon por escrito que o fillo quixo facer o mesmo”, declara. “O PP apoderouse e perverteu de tal forma o papel das institucións públicas que, no auto, a xuíza incluso relata que

o asesor xurídico da Deputación chegou a asegurar que non podían dar traballo na Deputación á muller que denunciou pero que a collerían en calquera concello que escollese”, lembran os socialistas. “Lendo o que escribe a xustiza, queda claro que o PP de Ourense parece levar nos seus xenes o enchufismo e pensa que a Deputación eos concellos da provincia son empresas para manexar o seu antollo”. Os socialistas recordan que estamos ante un “simple parón” do caso e non ante unha “vitoria de Baltar, como seguramente vendan o asunto” porque hai que esperar o que diga a Audiencia de Ourense despois do anuncio de presentación dun recurso de reforma e/o apelación por parte da acusación.

Os viticultores esixen axudas directas

Máis de seiscentos viticultores das catro denominacións de orixe vitivinícolas e produtores de castaña, vacún e apicultura da provincia de Ourense manifestáronse en Ourense, para esixir axudas directas tras considerar “insultantes” as propostas expostas pola Consellería do Medio Rural.

A manifestación, convocada por Unións Agrarias, Sindicato Labrego Galego e Fruga, chegou á capital ourensá, despois de celebrar protestas en Ribadavia e en Viana do Bolo. Os manifestantes, con pancartas que dicían “En defensa do campo, axudas direc-

tas”, “polas nosas cepas, polo noso futuro”, percorreron varias rúas do centro de Ourense, Subdelegación de Goberno e finalizaron diante da delegación da Xunta onde leron un manifesto para pedir axudas para “poder seguir vivindo no rural”.

Entre os participantes, estiveron viticultores das denominacións de orixe afectadas así como produtores de castaña, cereal e apicultura das zonas da montaña oriental de Ourense (O Bolo, A Gudiña, Viana, A Mezquita, Vilariño) e tamén do sur de Lugo, que perderon case o 100 por cen da súa produción. O secretario xeral de UU.AA en Ga-



Os sindicatos pedirón á Xunta que poña solucións enriba da mesa.

licia, Roberto García, reclamou “axudas directas para as máis de 2.000 familias afectadas polas

xeadas do 27 e 28 de abril, cun máximo de 15.000 euros por explotación así como a condona-

ción dos pagos á Seguridade Social deixando a negociación dos seguros para o futuro”.

Galicia

Redacción OURENSE

O novo parque de bombeiros do Carballiño dará servizo a 48.000 habitantes



O novo parque de bombeiros atenderá 23 concellos.

Naugurouse o parque de bombeiros do Carballiño, que supuxo un investimento de preto de dous millóns de euros, froito da colaboración entre a Deputación, a Xunta de Galicia e os concellos das dúas comarcas, para a construción do edificio e a adquisición dos camiões e equipamento. No acto celebrado no parque industrial de A Uceira, participaron o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; o alcalde do Carballiño, Francisco José Fumega, o presidente do Consorcio Provincial de Incendios e Salvamento de Ourense, Pablo Pérez e o presidente da Deputación, Manuel Baltar.

Baltar dixo que en colaboración coa Xunta de Galicia “levamos a cabo unha nova forma de xestión, e abre as súas portas un parque moi demandado que dará cobertura a un ámbito xeográfico importante, que dotará a toda esa poboación dunha protección extra”. Baltar destacou o labor que realiza o goberno provincial en materia de emer-

xencias, “coa estrutura do Consorcio Provincial cun mando único, que ofrece a posibilidade de gañar en operatividade pero non só cos incendios, senón tamén cos grupos de emerxencia supramunicipais, pois somos a provincia con maior número de GES, preparados para intervir en calquera situación e cun papel importante por parte da Deputación, non só aportando financeiramente a súa parte, senón tamén sufragando incluso o que lle correspondería aos concellos onde estes grupos teñen a súa sede”.

Con esta nova estrutura, o presidente da Deputación lembrou que segundo os protocolos, “a resposta vai ser máis rápida e inmediata ao ter un mando único e gañar en operatividade, a prol dunha mellor utilización dos recursos”, e remarcou que a experiencia dos parques comarcais durante este ano “é o mellor antecedente para o mellor servizo que prestará o Consorcio Provincial”.

Con 19 traballadores, tras finalizar o pasado 15 de maio os catro meses de formación obrigatoria, comeza a funcionar este parque de bombeiros, situado no polígono industrial de A Uceira. Estas novas instalacións prestarán servizo aos nove concellos desta comarca: Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea, así como aos dez municipios do Ribeiro: Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cennle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia; e os concellos de Amoeiro, Coles, Vilamarín e A Peroxa.

Como reforzo a este novo parque de bombeiros, os concellos de Ribadavia e Avión continuarán a manter os seus respectivos grupos de emerxencia supramunicipal (GES), para ofrecer así unha asistencia a emerxencias máis inmediata, ao igual co Concello do Carballiño, que tamén continuará a prestar servizo co seu equipo de emerxencias.

Esta nova dotación supón “un compromiso cumprido que dará servizo a 23 concellos da provincia, prestando asistencia a 48.000 habitantes que abarcan estas dúas comarcas ourensáns”, dixo Pablo Pérez, quen lembrou que con esta apertura “a provincia ten ao 90% da poboación a menos de 20 minutos dun servizo de emerxencias profesional, xa sexan bombeiros ou GES”. Asemade, o presidente do Consorcio adiantou que en breve “presentaremos o mapa de emerxencias e seremos a primeira provincia en facelo, podendo observar nel as necesidades detectadas para así cubrilas”.



Orfeón Carballiñés no colexio Salesiano.

O Orfeón Carballiñés ao País Vasco

O Orfeón do Carballiño está desenvolvendo un apretado calendario en maio e xuño, cunha xira de actuacións entre as que destacan as que o achegan ao País Vasco e a Valladolid. A primeira actuación foi co

colexio María Auxiliadora de Ourense e a segunda na localidade de Cennle. A finais de maio actuou en Valladolid e para o 24 e 25 de xuño está prevista a presentación en Vizcaya onde ofrecerá dous concertos.

Visita á praza de abastos



A directora de Comercio co alcalde na praza de abastos.

A directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, visitou o mercado do Carballiño, onde destacou a calidade e a profesionalidade das prazas de abastos galegas. Tal e como se subliñou na visita, a Consellería de Economía, Emprego e Indus-

tria leva apoiado a modernización do mercado nos dous últimos anos con 115.000 euros, que se destinaron á remodelación das instalacións e dos accesos, así como á creación e mellora de espazos multifuncionais e aparcadoiros da praza de abastos.

O Concello de Allariz estrea nova web www.allariz.gal e incorpora a sede electrónica

O Alcalde, Francisco García, presentou esta nova ferramenta dixital que favorece a transparencia municipal ademais do acceso dos cidadáns ao concello. Trátase dun sitio en liña do que aproveitar todas as vantaxes da Administración Electrónica, como a posibilidade de realizar trámites administrativos en liña ou unha comunicación máis fluída entre cidadán e con-

cello. “O novo espazo foi deseñado co obxectivo de transmitir unha maior transparencia ademais de permitir aos cidadáns iniciar trámites de forma telemática, dende calquera lugar e momento”, explicaba o alcalde, Francisco García, “ademais de proxectar unha imaxe máis moderna e renovada”.

A nova web [allariz.gal](http://www.allariz.gal) está centrada en tres áreas principais:

a actualidade, a través do Xornal de Allariz, no que se ofrece información actualizada sobre o municipio; o turismo, aínda en fase de desenvolvemento; e a administración electrónica.

A web tamén ofrece información de páxinas locais de interese como Festival Internacional de Xardíns, a do Outlet Allariz, a web da Reserva da Biosfera e a de Reatur, entre outras.





Inauguración dos Xardíns da Memoria en Allariz abertos ata outubro.

Inaugurados os Xardíns da Memoria en Allariz

O Festival Internacional de Xardíns de Allariz abriu as portas da súa oitava edición baixo o tema central de “Xardíns da Memoria”. Ata finais do mes de outubro poderase visitar o recinto que alberga dez xardíns seleccionados entre máis de 40 propostas recibidas de todo o mundo. Amósanse, ademais, os xardíns do gañado do ano pasado e o xardín deseñado polos alumnos de educación infantil e primaria de Allariz. O Festival Internacional de Xardíns de Allariz (FIXA) converteuse nunha cita consolidada no programa paisaxístico español e referente pola súa particularidade: é o único das súas características que se celebra en todo o Estado. Cada ano, Allariz convoca este concurso ao que se presentan decenas de propostas chegadas de todo o

mundo. Entre eles escóllense dez que se exhiben e que compiten polos votos que outorgan os máis de 40.000 visitantes que pasan cada ano polo festival.

Francisco García, alcalde de Allariz, recordou durante a inauguración a importancia deste festival como “elemento de sensibilización cara o coitado do medio, poñendo en valor o paisaxismo e a xardinaría como motores que impulsan a economía local, o turismo verde e fomentan a dinamización social”. Ademais, o alcalde destacou o éxito que acadou esta iniciativa, con máis de 190.000 visitantes nas súas oito edicións, máis de 2000 paisaxistas e autores participantes, propostas de 20 países diferentes do mundo e unha recadación total que supera os 180.000 euros.

A VIII edición do FIXA ten por tema central a memoria e por iso moitos dos xardíns que participan recrean as conexións neuronais, o ADN ou o propio cerebro, valéndose de plantas para facelo. Entre as propostas máis orixinais atópase un xardín suspendido por globos de helio e un xardín formado por troncos abertos para asomarnos no seu interior e recordar como foron no pasado. Tamén destacan dous xardíns dedicados ás persoas con Alzheimer, nos que o xardín desenvolve unha representación espacial e visual do proceso de perda da memoria ou se ofrece como un espazo terapéutico.

Os xardíns deste ano coinciden en buscar espazos que nos permitan afondar na nosa memoria e nos leven a momentos e sensacións xa vividos como os xogos infantís nos parques.

Allariz incrementou a taxa de reciclaxe

O Concello de Allariz presentou os resultados acadados no primeiro ano de traxectoria do Programa RE. O programa pioneiro de reciclaxe de lixo e separación de materia orgánica botou a andar hai un ano a través dun proxecto municipal que dotou da loxística precisa a veciñanza co reparto de composteiros individuais e a creación dunha ampla rede de composteiros comunitarios. Allariz conta con 24 illas de compostaxe ubicadas na zona urbana e máis de 130 composteiros. O programa acadou “cifras esperanzadoras” segundo sinalaba o concelleiro de Medio Ambiente Bernardo Varela.

Ademais púxose en marcha a máquina de tratamento de materia orgánica, no parque empresarial de Chorente, á que irá destinada a recollida porta a porta de materia orgánica de grandes produtores, como hostaleiros e comerciantes. O programa cumpre o seu primeiro ano acadando “cifras esperanzadoras” segundo sinalaba o concelleiro de Medio Ambiente Bernardo Varela.vidro e envases e plásticos.

Logo dun ano produciuse un incremento sustancial en todas as

fraccións o que significa un aumento na reciclaxe dun 12% no colector amarelo (de plásticos e envases), papel –cartón nun 8% e en vidro un 12%. “Somos posiblemente un dos concellos galegos que máis recicla. Atendendo a que a media galega de recollida de lixo supón uns 12 kgs por habitante ao ano e, neste momento, en Allariz estamos a triplicar esta cantidade chegando a 31.4 quilos por habitante e ano” explicaba o concelleiro de medio ambiente que afirmaba que “aínda queda moito por facer”.

Materia orgánica

O programa Re contempla unha segunda fase de reparto porta a porta do caldeiro marrón no que se recolle a materia orgánica e ademais centranse os esforzos na recollida de grandes produtores. O proxecto Re enmárcase, ademais, noutra iniciativa de construción compartida de coñecementos, DiálogosRB.net promovido co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio de Agricultura e Pesca, alimentación e Medio Ambiente, a Fundación alaricana Ramón González Ferreiro e a Rede Española de Reservas da Biosfera.



O alcalde de Allariz, primeiro pola esquerda, na presentación dos resultados da campaña.



Galicia

Redacción OURENSE

O grupo municipal socialista acusa ao alcalde de traicionar á cidade

O alcalde e o goberno do PP teñen á Comisión de Seguimento do AVE desta cidade secuestrada desde hai meses, denunciou o portavoz do grupo municipal do PSOE no Concello de Ourense. Propician un “escurantismo para tapar o que agora sae nos medios de comunicación”. Segundo José Ángel Vázquez Barquero, “o noso alcalde está a consumir unha nova traizón á cidade”.

O proxecto anunciado polo Concello, Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento para a futura Estación Intermodal do AVE de Ourense dará “a espetada de morte á Estación”, afirmou Vázquez Barquero. Custará 151 millóns de euros, “case tres veces máis que o proxecto de 2011”, asegurou Barquero, pero a estación de autobuses será “un pendello” nas traseiras do Centro de Saúde da Ponte; a pérgola, que custará 10 millóns de euros, “unha maquillaxe do edificio vello da estación”; a permeabilidade entre os barrios do Vinteún e A Ponte non chegará a producirse; e o proxecto no seu conxunto será o resultado de “a visión absolutamente raquítica que o PP ten dunha Estación do AVE”.

Norman Foster

“Nada disto ten que ver co



Proxecto de Norman Foster para a Estación Intermodal de Ourense.

proxecto integrado que nós manexabamos” en 2011, cando Norman Foster deseñou o proxecto da Intermodal de Ourense. Engadiu o portavoz socialista que “o proxecto de agora non lle chega á sola dos zapatos ao de Norman Foster; de feito, o equipo de Norman Foster están a desentenderse do proxecto”.

Vázquez Barquero retou a que se comparen as infografías que entón manexou o PSOE no Goberno da cidade co proxecto de Norman Foster e as que agora manexará o Concello, Adif e a Xunta de Galicia. “Gustaríame un día contarlle ao alcalde como foron as negociacións do ex alcalde Francisco Rodríguez co Mi-

nisterio; nada que ver con éstas, daquelas si que Paco defendía os intereses desta cidade.”

Indicou Barquero que xa non se crea unha nova centralidade en Ourense nin se expón o AVE con centro dinamizador da economía da cidade, porque “a visión que ten o PP dunha Estación do AVE é absolutamente raquítica”. O que hai dálle ao cidadán “coma se estivésemos ante un quebracabezas”. A situación consúmase seguindo a estratexia de que “o tempo pase, dar todo por fases, aburrir á cidadanía, dar o proxecto como un feito consumado e ao final ata teremos que aplaudir,” concluíu Vázquez Barquero.

A Guardia Real deuse a coñecer en Ourense

A Guardia Real estivo en Ourense do 18 ao 21 de maio. Despediuse da provincia cun desfile militar na capital no que ondearon as bandeiras de España e 180 cidadáns realizaron o seu xuramento ante o emblema nacional. A cita histórica en Ourense convocou a centenas de persoas que abarrotaron as beirarrúas.

Antes de xura, o alcalde da cidade Jesús Vázquez e o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, pasaron revista ás tropas en formación co xefe do cuarto militar da Casa Real, o vicealmirante Juan Ruiz Casas. A continuación, os 180 solicitantes bicaron a bandeira española, entre eles o rexedor ourensán. Ao fina-

lizar o xuramento, o coronel xefe da unidade, Eduardo Diz Monxe, mostrou o seu agradecemento aos ourensáns pola acollida, e deu paso ao desfile das tropas. Esta marcha, na que participou tamén a compañía galega da Brilat, pechou o programa de actividades da Guardia Real en Ourense.

Os integrantes instaláronse na Residencia de Tempo Libre do Carballiño durante a súa estada de promoción e información do corpo na provincia. O alcalde carballinés, Francisco Fumega, recibiu ao coronel e a outros mandos do destacamento para darlles a benvida. Outras actividades divulgativas realizáronse en Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova, O Barco e Verín.



Desfile de exhibición en Ourense da Guardia Real.

O Rey de España preside o Comité de Honra de Termatalia 2017

Por Silvia Pardo

O Rey de España, Don Felipe VI, presidirá o Comité de Honra de Termatalia 2017 que se celebrará en Ourense do 20 ao 23 de setembro. Esta aceptación avala a traxectoria da Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar e sitúaa como un proxecto de interese xeral para a sociedade ao promover a cultura da auga e o seu aproveitamento sustentable, á vez que xera novas oportunidades de negocio para as empresas españolas e latinoamericanas xa que a feira situouse como todo un exemplo de cooperación público-privada en Iberoamérica. A Casa do Rey ratifica o seu apoio un ano máis a esta cita como xa fixo durante anos como Príncipe de Asturias. En 2015 foi a primeira

edición que confirmou na súa condición de Rey de España e este ano repite, xa que a súa Maxestade preside nas edicións celebradas en España.

O auxo que está a vivir o termalismo como actividade económica, turística e sanitaria, leva á necesidade de implicar a estamentos públicos e privados. Este feito levou un ano máis á organización de TERMATALIA a facer partícipes deste proxecto a través da súa presenza no Comité de Honra a distintas institucións públicas nacionais e autonómicas relacionadas co sector do turismo de saúde. Xa aceptaron formar parte deste comité a ministra de Sanidade do Goberno de España, Dolors Monserrat, e o presidente do Instituto para a Calidade Turística

(ICTE), de Balnearios de España e vicepresidente de Spaincares, Miguel Mirones. Tamén confirmou o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo e varios conselleiros do seu goberno (Economía, Emprego e Industria e Sanidade) e o delegado do Goberno en Galicia, Santiago Villanueva Álvarez. Os representantes de dos principais partners deste proxecto, a Deputación de Ourense (Manuel Baltar) e o Concello de Ourense (Jesús Vázquez) tamén aceptaron a súa presenza neste comité de honra.

Internacionalidade

Termatalia conta co Selo de Internacionalidade concedido polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Goberno de España e durante a súa última edición, celebrada en México en 2016

foi recoñecida polo Congreso dos Deputados do Estado de Coahuila. Na edición de Arxentina en 2014 conseguiu a declaración de Interese Turístico do Goberno Arxentino e a de Interese Parlamentario por parte da Cámara de Deputados da Nación. Durante a edición de 2012, celebrada en Perú, a feira conseguiu tamén o recoñecemento de Feira Internacional por parte de Ministerio de Relacións Exteriores do Goberno de Perú e tamén a Declaración de “Evento Turístico Nacional” por parte do Ministerio de Comercio Exterior e Turismo.

México participará como país convidado en Termatalia 2017, que se celebrará en Ourense entre o 20 e o 23 de setembro e espérase a participación de varios estados e dunha importante delegación de profesionais do sector, do mesmo xeito que vai suceder con outros países como Arxentina, Costa Rica, Panamá, ou Colombia, así como



delegacións de diferentes países de Europa, especialmente integradas na European Spas Association (ESPA) e a European Historic Thermal Towns Association (EHTTA). Ademais, a celebración da feira en Ourense permitirá aos visitantes coñecer a oferta de Turismo de Saúde e Benestar do Destino Galicia-Norte Portugal, que representa a maior concentración de augas mineromedicinales de Europa.

Novas das Empresas

Redacción OURENSE

O centro médico El Carmen e a empresa ourensá Conexiona asinaron un acordo para a implantación dun novo sistema baseado na tecnoloxía inmótica. Este proxecto permite ao hospital, o primeiro en Galicia en acoller esta tecnoloxía, ter o control de todos os sistemas tecnolóxicos do edificio vía control remoto.

Ourense colócase ademais á vangarda nacional entre os denominados hospitais intelixentes “porque en España hai moi poucos cun sistema destas características”, asegurou José Carlos Rodríguez Mouriz, director executivo de El Carmen durante a sinatura do convenio con José Antonio Laxas, máximo responsable da empresa tecnolóxica Conexiona. A inmótica é, en palabras do xerente de Conexiona “unha evolución da domótica, que é un concepto creado hai anos máis orientado á automatización de procesos nun domicilio ou unha oficina. Na inmótica os diferentes sistemas pódense falar uns con outros”.

O sistema permitirá ter interconectados todas as unidades, instalacións e equipos do hospital a través deste proceso. “Os edificios están compostos de múltiples sistemas de moitos fabricantes, que cada un funciona dunha determinada maneira e que non se falan entre si. Ata estes momentos non había forma de facelos conectar entre eles, pero afortunadamente a tecnoloxía avanzou e Conexiona foi capaz de entrar neste mercado desenvolvendo un produto que

Tecnoloxía inmótica para o centro médico El Carmen



Ou doutor Mouriz, non centro, con José Antonio Laxas e Carlos Sande.

vai precisamente enfocado a poder recibir información e actuar sobre calquera sistema”, engadiu durante a presentación do proxecto o director de Innovación e Procesos, Carlos Sande.

Os directivos de Conexiona agradeceron a aposta de El Carmen por esta tecnoloxía “que nos vai a permitir demostrar que se poden facer cousas máis que interesantes en Galicia e con tecnoloxía galega que son exportables a todo o mundo”.

Preocupación polo paciente José Carlos Rodríguez sinalou que “o noso obxectivo dos últimos anos foi a preocupación polo paciente, levamos moitos anos envorcados nel e todas as nosas actuacións están dirixidas a mellorar esa atención. Somos un hospital para o paciente, a súa seguridade é a nosa prioridade e leste é un paso máis nesa dirección”.

O novo sistema de inmótica permitirá mellorar a eficiencia

enerxética tanto dos aparellos médicos como dos equipos de servizos xerais. Permitirá controlar aspectos como a climatización, tendo en conta as persoas que están nunha zona concreta ou mesmo as condicións particulares e o estado dun paciente. Tamén detectará en tempo real calquera alteración no funcionamento de toda esa dotación de maquinaria e equipos instalados en El Carmen para liquidala con moita máis axilidade, mesmo se poderán dar as

ordes pertinentes ao equipo en cuestión a través dunha aplicación do móbil para corrixir de forma remota a anomalía.

José Antonio Laxas explicou que o sistema non é un proxecto pechado. “Vai ser algo vivo e o que queremos é que en calquera momento o edificio sexa capaz de falar, de comunicarse coa xerencia ou co persoal de mantemento e achegar información; desde cómo están os ascensores ás temperaturas ou a iluminación de calquera zona, ou as neveiras da cociña”, asegurou.

Prediccións

Esa información en tempo real permitirá “poder tomar decisións sobre cousas que adoitan ocorrer e sobre outras que non son predicibles”, apuntaba o xerente de Conexiona. Ao sistema poden conectarse, por exemplo, un conxeador de sangue para transfusión “e a inmótica vai dicir se en calquera momento ese aparello está fóra de rango e ese sangue pode perder as características que ten e imos poder interactuar a distancia para resolver ese problema”, segundo Carlos Rodríguez Mouriz. Na segunda fase de implantación incorporáranse ao sistema tamén outros equipamentos médicos.

Esta sinatura entre as dúas empresas remato o traballo de dous anos nos que o centro sanitario foi preparando este paso a través da mellora das súas dotacións tecnolóxicas, ademais de axustar os procesos de xestión e funcionamento que lle outorgaron varios importantes selos de calidade.

Edades, empresa punteira en Ourense na prestación de servizos sociais

O crecemento da esperanza de vida na poboación e a entrada en vigor da Lei de Dependencia dispararon nos últimos anos a demanda de servizos para o coidado e atención de persoas maiores ou dependentes, e máis nunha provincia tan envellecida como a nosa.

María Cristina Portela Pérez, directora de Edades, nos achega a realidade desta empresa de servizos sociais, que ofrece todo tipo de prestacións a uns prezos moi alcanzables para a maioría da poboación. Edades Servicios Sociales é unha empresa tipo franquía que desde o ano 2008 está implantada en Ourense, e que foi en constante

crecemento desde a súa apertura. A oferta de Edades contempla desde atención e coidado de maiores, dependentes ou nenos, a trámites burocráticos, a asistentes persoais para discapitados, unha tenda de axudas técnicas en venda e aluguer, reformas a domicilio, desde cambio de bañeira por ducha adaptada a servizos de fontanería, electricidade... Poucas veces unha empresa abrangue tantas posibilidades de servizos para os seus clientes como Edades. Os servizos máis demandados son sobre todo internas as 24 horas e para fins de semana, con diferenza. Respecto dos produtos que teñan máis saída, Cristina

asegura que son as cadeiras para persoas con modalidade reducida, as camas xeriátricas e as grúas. Ademais, teñen bastante demanda os produtos de segunda man.

Cristina Porela está satisfeita por cumprir todos os obxectivos nestes oito anos e dos entre 80 e 90 traballadores cos que conta habitualmente, que están moi implicados na empresa.

“Teño unhas esixencias moi altas e requiro profesionalidade ás persoas que queiran traballar con nós, con formación específica e experiencia mínima dun ano no sector. Pois para cada servizo necesítase un tipo de persoa distinta, non é o mesmo



María Cristina Portela Pérez directora de Edades.

traballo o dunha señora que se dedica a tarefas domésticas, a outra que atende a unha persoa maior, e por iso temos auxiliares

de enfermaría e de xeriatria, coidadoras de nenos, licenciados ou diplomados, entre outros perfís”.

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

O público premiou a Fuentefría en “Sabores de Ourense Primavera”



O salón de plenos do Concello de Ourense foi escenario da entrega de premios.

Entregáronse en Ourense os premios aos gañadores do sexto concurso “Sabores de Ourense Primavera”. A estimación dos votos do público deu como resultado máis de 3.500 pinchos servidos durante o concurso. A comisión avaliadora elixiu, de entre os 41 pinchos participantes, os seguintes finalistas: A Casita do Pulpo, Atarazana, Bacelo, Garden Porta Da Pía, Sanmiguel, Tamarindo, Tapa Negra, A Cuqueira de Lourdes,

Portovello e A Feira. O xurado profesional degustou os pinchos dos finalistas e elixiu, de entre eles, os seguintes gañadores. O premio do xurado profesional foi para: GastroBar Sanmiguel, por O atún e a primavera; Bacelo, por Choco donu e Tapa Negra, por Tesouro mariño. O premio do público foi para: Fuentefría, por Mar vivo; A Casa do Pulpo, por Polbiño de rocha brasado e para Atarazana, por Arroz de carabineiros. Contabilizáronse 1.164 papeletas

válidas e 64 nulas, o que dá lugar a un mínimo de 3.500 pinchos contabilizados, sen contar os que non se votaron. O premio pincho celíaco outorgado pola delegación ourensá da Asociación de Celíacos de Galicia, foi para Atarazana, por Arroz de carabineiros. Os premios da app SaboresdeOurense, foron entregados a: Fuentefría, por Mar vivo; Bar Ideas, por Salpicón de pescada e gambas e a Atarazana, por Arroz de carabineiros.

Rutas das Tapas no Carballiño

En maio rematou a tempada 2017 da Ruta das Tapas no Carballiño, cunha xornada adicada aos produtos de primavera. Nos 21 locais hostaleiros adheridos a esta iniciativa, degustáronse tapas ao prezo de 2 euros acompañadas co viño Pazo Tizón da última colleita. Foi a

última oportunidade de cubrir os boletos que se ofreceron nestes bares e mesóns para participar no sorteo de vales de compra por un valor total de 2.000 euros. Nesta edición da Ruta das Tapas colaboraron o Centro Comercio Aberto, a adega Pazo Tizón, o Concello e 21 locais hostaleiros do Carballiño.



Representantes dos bares que participaron.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

CASA FANDIÑO
CASA TRADICIONAL GALEGA
desde 1917

rua do carcere, 7 - allariz
reservas@casafandinho.com **988442216**

DON BACALHAU
RESTAURANTE
ESPECIALIDADES EN BACALAO

Tfno. 988 061 817
Rúa Lepanto, 2
Ourense

A DESPENSA DO FUENTEFRÍA
Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau

Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE

la GULA

Tfno. 988 24 83 76
Pena Corneira, 2
Ourense

Redacción PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra recibe Pasarón e céntrase na creación do novo Local social do Burgo

O Concello asinou nestes días a acta de recepción do campo de Pasarón unha que vez os departamentos técnicos e xurídicos do Concello e da Deputación completaron toda a documentación que estaba pendente para rematar o expediente. Dende estes días “a Deputación queda desvinculada de Pasarón”, segundo explicou esta mañá o concelleiro de Obras, Demetrio Gómez.

Esta acta de recepción era importante para o Concello para clarificar a situación das instalacións de Protección Civil e poder contratar algunha pequena obra que hai que facer neste ano como reencher algún extintor.

Demetrio Gómez destacou a necesidade de regularizar a legalidade do campo para poder acometer as obras do Centro So-



cial do Burgo (situado entre as gradas de Tribuna e Sur) de 274,14 metros cadrados. Será necesario construír un acceso exclusivo para o Local dende a rúa ou incorporar as necesidades dos veciños como almacéns, oficina, co-

ciña... Toda esta situación obriga a que o Concello dispoña da titularidade do campo para poder contratar a obra do Local social, no que xa traballa o arquitecto Galo Zayas, tamén redactor do proxecto de reforma de Pasarón.

Novas da Raia

Redacción

Valençá congratula-se com os acordos da cimeira ibérica

Reivindicações antigas de Valençá vão ser concretizadas



O Presidente da Câmara de Valençá congratula-se com os acordos alcançados na última Cimeira Ibérica que dão resposta a algumas das pretensões de Valençá e desta região transfronteiriça.

A eletrificação da linha do Minho até Valençá, no âmbito do investimento na rede ferroviária Porto – Valençá – Vigo foi considerada prioritária. Acordado

ficou, ainda, estabelecer um convénio para a reabilitação da ponte internacional Valençá/Tui. Investimentos fundamentais para a melhoria das ligações ferroviárias e a circulação de comboios rápidos nesta linha.

A cimeira reconheceu a importância do Rio Minho e a potencialização económica e paisagística desta região transfronteiriça. Acordado ficou o reforço da cooperação na aplicação dos fundos comunitários no pós 2020.

Valençá cidade central do Caminho Português para Santiago e ponto de partida do Caminho de Fátima, no topo norte de Portugal, vê reforçada a promoção e dinamização de dois traçados de peregrinações que são, hoje, uma

referência turística importante para o concelho.

O Centro de Cooperação Policial e Aduaneira de Valençá Tui e vê o seu trabalho, capacidades e meios reforçados, reconhecendo um trabalho que é essencial para a Eurocidade, mas também para toda esta região.

Combate aos Incêndios e 100G nas Comunicações

O exemplo de Valençá, com décadas, no apoio dos Bombeiros de Valençá a Tui fica agora institucionalizado entre Portugal e Espanha, estabelecendo-se uma cooperação alargada até 25 kms dentro de cada país no combate aos incêndios.

O reforço da ligação transfronteiriça em fibra, com a renovação dos equipamentos das ligações existentes em Valençá, passando da atual capacidade de 10 G para a tecnologia de 100 G foi outro dos pontos acordados. Investimento fundamental para o reforço das comunicações nesta região transfronteiriça.

Xornadas sobre os escumosos galegos en Arbo

O Concello de Arbo e EVEGA (Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia) organizaron as Xornadas Técnicas que tiveron lugar no Auditorio do centro multiusos de Arbo o 15 de maio de 2017 co título “Os escumosos galegos. Tendencias e innovacións”.

A actividade asistiron profesionais do sector vitivinícola, así como xerentes, propietarios e traballadores de Adegas de Arbo e de diversas zonas da xeografía galega.

Entre os temas a tratar O mercado dos escumosos galegos. Situación actual e perspectivas, potencial dos escumosos do Ribeiro, Características das principais castes

galegas para a elaboración de escumosos, Solucións técnicas na adega para a elaboración de escumosos, Proxectos de I+D+i. “Mellora tecnolóxica da crianza de viños escumosos: Experiencias no Verdejo”, Mesa redonda. Presente e futuro dos escumosos.

Entre os relatores destacaron : Jorge Mazaira Pérez. Director técnico do CRDO Valdeorras., José Simón Ferro. Xerente da adega As Laxas, Nuria Álvarez. Directora técnica do CRDO Ribeiro, Jorge Hervella. Enólogo, Dario Jordal. Empresa Laffort, Josefina Vila Crespo. Directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría Agraria. Universidade de Valladolid



O Mercado de Tomiño irmándase co de Bom Jesus, de Porto

O Mercado Municipal de Tomiño vén de celebrar o seu irmandamento co de Bom Jesus, de Porto (Portugal), cun vídeo promocional especialmente pensado para conmemorar tamén o Día Internacional dos Mercados, que tivo lugar o pasado día 27 de maio.

Trátase dun vídeo dun minuto de duración no que saen os propios praceiros e praceiras de ambos os dous mercados, dicindo cada un unha frase sobre os produtos de calidade e proximidade que ofrecen, o trato personalizado e a promoción do comercio local.



Galicia

Redacción PONTEVEDRA

Comeza a peonalización do conxunto histórico de Tui

A peonalización do conxunto histórico de Tui comezará a aplicarse o venres, 2 de xuño. Nesta primeira fase, que durará aproximadamente un mes, o tráfico restrinxirase nas fin de semana e permitirase o estacionamento dos residentes pola noite.

Así dende o venres, 2 de xuño, ás 16h ata o luns 5 ás 8h, e a partir desta data todos os fins de semana, a zona de intramuros estará pechada ao tráfico, de tal xeito que con carácter xeral non se poderá circular nin estacionar nas rúas afectadas por esta medida. En concreto aplicarase nas rúas Cuenca, Pracer, San Telmo, Bispo Castañón, Sanz, Porta da Pía, Seijas, Párroco Manuel Rodríguez Vázquez, Monxas, Entre-fornos, rúa Ouro, Miñoteira e Piñeiro, e nas prazas da Armada, da Estrela, do Pracer, da Misericordia, do Concello, de San Fernando e de Frómista.

Os residentes, que posúan o distintivo R, poderán estacionar nas Zonas Verdes habilitadas e durante as noites dende ás 22h ata ás 10h na zona de intramuros. As Zonas Verdes están situadas no Piñeiro, nas rúas Bispo Lago, Ordóñez e Martínez Padín dende o cruzamento co Arrabal, e no Paseo Fluvial. Nas mesmas só poderán estacionar os residentes en intramuros e nestas mesmas rúas. Por outra parte establécese un horario de carga e descarga de 8 a 10h cada xornada.

No Concello foron tramitados 250 distintivos R para residen-



tes que lles permite o acceso á zona peonil cun tempo máximo de 15 minutos, e o estacionamento nas Zonas Verde. Mentres se entregaron 40 distintivos RE para residentes en Zona Verde. Concedéronse 55 distintivos S para familiares ou persoas que presten asistencia a maiores ou dependentes que residen na zona intramuros, o que lles permitirá o acceso á súa vivenda nas condicións dos residentes, sen opción de estacionamento en Zona Verde. Amais outorgáronse 37 distintivos P para propietarios non residentes e 73 E a propietarios de establecementos de hostalería que lles permite realizar pequenas operacións de carga e descarga en horario comercial por un tempo máximo de 30 minutos, non podendo estacionar na Zona Verde. Amais hai 10 autorizacións de carga e descarga.

O acceso ao conxunto histórico, por parte dos vehículos autorizados, farase a través dos dispositivos inarámicos que accionarán as pilonas situadas na

Porta da Pía, no Piñeiro, nas rúas Cuenca e San Telmo e na Praza da Armada.

O obxectivo do Plan de Peonalización do conxunto histórico de Tui é a conservación, posta en valor e dinamización desta zona da cidade, declarada Ben de Interese Cultural en 1968, así coma a recuperación deste espazo coma punto de encontro entre as persoas.

A concelleira de Patrimonio do Concello de Tui, Carmen Núñez, destaca que coa entrada en vigor desta primeira fase comeza a aplicación do Plan de Peonalización do Conxunto Histórico que no prazo aproximado dun mes se aplicará todos os días da semana. A edil solicita a colaboración cidadá para o cumprimento deste plan, avanzando que con esta primeira aplicación durante as fins de semana comprobarase o correcto funcionamento de todos os dispositivos, solucionando posibles incidencias, e tomando notas de posibles melloras que se poidan levar a cabo.

Praza "matrona Xulia Suárez" en Oia

En virtude dos moitos anos que Xulia Suárez exerceu a súa profesión no centro de saúde de Oia, recoñecendo así a súa labourea que sempre desenvolveu con profesionalidade, asistindo e acompañando ás nais no proceso de xestación e de crianza das súas fillas e fillos, traballo que levou adiante máis alá da súa profesionalidade, o Bloque Nacionalista Galego, defendeu

en sesión plenaria a moción para que a praza do franquista José Solís Ruíz pase a chamarse "praza da matrona Xulia Suárez" que foi aprobada por unanimidade.

Por este motivo hai uns meses comezouse unha campaña de recollida de sinaturas populares en apoio desta iniciativa recollendo 1110 sinaturas das veciñas e veciños do concello de Oia.



O novo centro de saúde de Tui chamarase "Dr. Alejo Diz Jurado"

O BNG de Tui presentou fai uns meses unha proposta ao pleno para que o novo centro de saúde de Tui, levase o nome do doutor "Alejo Diz Jurado", un home bo e xeneroso polo seu traballo e compromiso social co pobo de Tui, que segue transmitindo ás xeracións máis novas o seu agradecemento das persoas que atendeu e coidou como "mé-

dico dos pobres". Comezou ademais unha campaña de recollida de sinaturas na que contou co apoio do colectivo social "Levada libre".

Para favorecer o consenso de tódolos grupos municipais, o BNG retirou a iniciativa levándoa á Comisión de Honores en aras a garantir a saída definitiva da proposta, que finalmente foi aprobada por unanimidade.

O Porriño rexeita a retirada da ESO do CEIP da Ribeira

Instar á Concellería de Educación a que desista da súa intención de deixar de impartir o curso de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) no Centro de Público de Integración (CEIP) da Ribeira, situado en Torneiros.

Esta foi a resolución adoptada polo Pleno do Concello, a proposta do Grupo Municipal de EU-SON, e no mesmo sentido que a que defenderá a concelleira de Educación, Lourdes Moure, en nome do Grupo Municipal Socialista.

Un acordo transaccional permitiu que a Corporación dese o seu apoio á moción presentada polo concelleiro Pedro Ocampo quen rexeitou este peche que, como estiveron dacordo os grupos socialista, de UDDL, BNG e EU-SON, "deixaría o CEIP da Ribeira coma un centro de Primaria" e supón, ademais un ataque á Educación pública, gratuíta e de calidade.

Coma indicara a concelleira de Educación, o CPI Da Ribeira é o

único centro público de integración do Porriño, no que o 35% dos seus alumnos son de etnia xitana, "conseguíndose ao longo dos anos que a integración do colectivo na vida e actividades do concello, a eliminación do absentismo escolar, a participación do alumnado, tanto nenas como nenos, nas actividades extra escolares, "que pasou do 3% en 2009 ao 80% este mesmo ano".

Lourdes Moure alertou de que o peche do curso da ESO do CPI



Ribeira "suporá un retroceso no bo camiño emprendido pola comunidade educativa que permitiu que as rapazas e rapaces de etnia xitana non so rematen Secundaria senón que segan cos seus es-

tudos de Bacharelato, conseguindo moitas das metas que se propuxeran e que poderían sufrir un dano incalculable se, finalmente, se prescinde do Ensino Secundario Obrigatorio".

O CIFP A Granxa, anfitrión do V Congreso Nacional de Escolas Profesionais de Viticultura e Enoloxía



O CIFP A Granxa de Ponteareas acolleu, entre o 4 e o 7 de maio as xornadas do V Congreso Nacional de Escolas Profesionais de Viticultura e Enoloxía, o que supón un recoñecemento á importancia que ten o centro de ensino ponteareán no contexto do Estado.

O Congreso, que se celebra cada dous anos, reuniu a profesorado das diferentes escolas que imparten Ciclos Formativos de Vitivinicultura e Elaboración de Aceite de oliva e Viños, pertencentes ás comunidades autónomas con maior relevancia no sector, como son Andalucía, Canarias, Castilla-La Mancha, Castilla-León, Extremadura, Ca-

talunya, Madrid, Murcia, Rioja e Galicia.

Ao longo das xornadas de traballo do Congreso debatéronse temas relacionados coa inserción laboral do alumnado titulado; as diferentes modalidades nas que se poden cursar os estudos de Formación Profesional, con especial atención á Formación Dual; a unificación de criterios coa formación nos demais países europeos; a creación da Rede Europea de Escolas Profesionais de Enoloxía, ademais de outros asuntos relacionados co desenvolvemento curricular dos Ciclos Formativos.

Ademais dos aspectos puramente técnicos tratados no

congreso, o evento serviu para dar a coñecer a zona produtiva de Rias Baixas, en especial a comarca do Condado.

A inauguración do Congreso, correu a cargo de Consuelo Rivera, directora do Centro de Formación e Recursos de Vigo; Cristina Fernández, concelleira de Ensino do concello de Ponteareas e María Jesús Pena, directora do CIFP 'A Granxa'.

A edil de Ensino destacou "a importancia de ter organizado este Congreso Nacional nun centro punteiro neste sector a nivel galego como é o CIFP A Granxa, a fin de poñer en valor os recursos naturais e económicos que temos en Ponteareas e a nosa Comarca".

O Concello de O Porriño segue a apoiar á Asociación Osilice

O alcalde accidental do Porriño, Manuel Carrera, e o concelleiro de Industria, Marcelino Coto, mantiveron este venres unha xuntanza con Juan Carlos Giraldez, representante da Asociación Osilice, que axuda aos traballadores afectados pola silicose e que é a única asociación deste xénero en Galicia.

A xuntanza serviu para que o alcalde accidental confirmase o "apoio total" do Goberno local ao traballo de Osilice que, coma sinalou Juan Carlos Giraldez, ofrece a súa axuda ás persoas que padecen esta doenza que, dacordo co Instituto Nacional da Silicose son o 17,5% dos traballadores das canteiras de Porriño e Ponteareas, preto de 1 de cada 5, segundo os estudos realizados a 440 operarios de 24 empresas da zona.

Coma apuntan os datos desta asociación, preto dun 90% de quen leva traballando máis de 20 anos na canteira ten silicose e aínda que queda moito camiño para acabar con esta enfermidade, principalmente porque hai doentes que non saben que a padecen.

Afortunadamente, nos últimos anos, grazas ás novas medidas de prevención produciuse unha notable rebaixa dos riscos de contraer silicose no territorio español.

Na xuntanza, Manuel Carrera e Marcelino Coto reiteraron a disposición do Concello de seguir mantendo unha estreita cooperación coa asociación, considerando que O Porriño é zona de España que ten máis número de afectados pola inhalación de partículas de sílice e que os mesmos precisan orientación á hora de coñecer a enfermidade, un axeitado asesoramento xurídico, orientación para a tramitación da incapacidade, para o cal incorporará nos vindeiros días a un traballador social.

Así mesmo, polo que se refire á asistencia médica, Juan Carlos Giraldez subliñou que Osilice ven de asinar un acordo coa dirección do Hospital Álvaro Cunqueiro para a mellora do tratamento dos traballadores que presentan síntomas de neumoconiose, ocasionada polo depósito de po de sílice nos pulmóns.



**taska
tenda**
Gastronomía e Saúde

Marqués de Viana, 8
Salvaterra de Miño
986 65 87 36

42.080920, -8.498255

taskatenda@gmail.com
f taskatenda

el Retiro
RESTAURANTE

CARTA, MENU DEL DIA, MENU INFANTIL, COMIDAS Y
CENAS DE EMPRESA, BODAS, BAUTIZOS, COMUNIONES,
LAMPREA Y ANGULAS EN TEMPORADA, SALONES PARA EVENTOS.

RUA DO MIÑO 3, SALVATERRA DE MIÑO, PONTEVEDRA. 36150 TELFS: 986658083, 615659000

Novas da Raia

Festivais de Música 2017

Galiza e Portugal

NOS
8-10 JUN
PRIMAVERA SOUND
PORTO 2017

BON IVER · APHEX TWIN · JUSTICE
RUN THE JEWELS · NICOLAS JAAR · SKEPTA
MIGUEL · METRONOMY · FLYING LOTUS
RICHIE HAWTIN · ANGEL OLSEN · DEATH GRIPS
THE MAKE-UP · TEENAGE FANCLUB · SAMPHA

ELZA SOARES · GRANDDADDY · JAPANDROIDS · BICEP
THE GROWLERS · KING GIZZARD & THE LIZARD WIZARD · TYCHO
SWANS · SLEAFORD MODS · THE BLACK ANGELS · MANO LE TOUGH
RODRIGO LEÃO & SCOTT MATTHEW · HAMILTON LEITHAUSER
WHITNEY · ROYAL TRUX · SHELLAC · AGAINST ME! · POND

LADY WRAY · CIGARETTES AFTER SEX · MITSKI
WEYES BLOOD · JEREMY JAY · JULIEN BAKER · OPERATORS
NIKKI LANE · CYMBALS EAT GUITARS · NÚRIA GRAHAM
WAND · FIRST BREATH AFTER COMA · SAMUEL ÚRIA · EVOLS

SMSF
JUNE 8-10 2017 | BEJA, PORTUGAL | WWW.SMSF-PORTUGAL.NET

EXODUS KRISILYN

ORPHANED LAND · MÃO MORTA · WOLFBRIGADE · URFAUST · TROLLFEST · MISBYRMING
HYPOTHERMIA · NADRA · FUSE · RANGER · MALTHUSIAN · PROCESS OF GUILT · RDB
DOKUGA · PAULO COLAÇO · CUTGORE · TALES FOR THE UNSPOKEN · RANCOR · A CORUJA
REACTIVE WUST · BOOZE ABUSER · LIBER MORTIS · & MANY MORE

X EDIÇÃO
Festival Folk Celta
Ponte da Barca
27, 28 e 29 julho 2017

JÁ CONFIRMADOS:
DIABO A SETE,
KUMPANIA ALGAZARBA,
KALAKAN & LUÍS PEIXOTO,
XABIER DIÁZ & ADULFEIRAS
DE SALITRE

www.folkcelta.pt

RED HOT CHILI PEPPERS
FUTURE
DEFTONES

FATBOY SLIM
FOSTER THE PEOPLE
LINGUA FRANCA
CAPIGUA · EMICIDA · RAEL · VALETE
LONDON GRAMMAR
SEU JORGE
THE LIFE AQUATIC;
TRIBUTO A DAVID BOWIE

13 14 15 JULY
PARQUE DAS NAÇÕES LISBON

BOOGARINS
BRUNO PERNADES
CAPITÃO FAUSTO
JAMES VINCENT MCMORROW
KEVIN MORBY
SLOW J
TAXI WARS
TUXEDO SILVA
THE NEW POWER GENERATION
FEATURING BILAL
AND MANY MORE

Rock in Rio Tea
Ponteareas
5ª EDICIÓN

SÁBADO 1
XULLO
2017 21h

PARQUE DA FEIRA VELLA
PONTEAREAS

LOS ZIGARROS
THE SOUL JACKET
ELADIO &
LOS SERES QUERIDOS
LOS BRAZOS
THE PRETTY SHIRTS
WONDERLUST KINGS

VENIRES 30 XUNO 21h
ROCK IN RIO TEA Junior
ROCK SCHOOL MUSIC DE PONTEAREAS
a a banda Gold & Colt

ENTRADA DEBALDE
Twitter Facebook
www.rockinriotea.com

ORGANIZA **ASOCIACIÓN FALCÓN** COLABORA **CONCELLO DE PONTEAREAS** Concellería de Cultura **MAHON** **DON DIFRÁZ** **Sestelo** **DARLIM**

Una iniciativa cultural y socioeconómica de **e'smerArto**

PORTA MÉRICA

MÚSICA · GASTRONOMÍA · ACAMPADA

13 | 14 | 15 JULIO 2017

CALDAS DE REIS

JUEVES 13
**THE HORRORS IVÁN FERREIRO NIÑOS MUTANTES
CARLOS SADNESS TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO
ATERCIOPELADOS ÁNGEL STANICH KANAKU Y EL TIGRE
NIKKI HILL**

VIERNES 14
**ASIAN DUB FOUNDATION KASE.O NOVEDADES
CARMINHA ILLYA KURYAKI & THE VALDERRAMAS ZUCO
103 BNEGÃO & SELETORES DE FREQUÊNCIA CARLOS JEAN
LOS AMIGOS INVISIBLES RUFUS T. FIREFLY MATEO KINGMAN**

SÁBADO 15
**LEIVA XOEL LÓPEZ DEPEDRO PORTER INSTITUTO
MEXICANO DEL SONIDO YALL SIDDHARTHA ENRIC
MONTEFUSCO IGLOO ORKESTA MENDOZA**

Y MÁS POR CONFIRMAR

MÁS INFO Y VENTA DE ENTRADAS EN PORTAMERICA.ES

CULTURA QUENTE
 S.N Estrella Galicia
 ESCENARIO

INTERNACIONALES INSTITUCIONALES
 LA MINA
 ESPACIO FUNDACIÓN
 AODE
 ESPACIO FUNDACIÓN
 NITROGENA
 BARCELO
 COLABORA
 Coca-Cola
 GADIS
 AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS
 migas

HEDOS COLABORADORES
 La Mesa de Onda
 EL PICARO
 NCA
 ERM
 HERRERO
 FRB

Estrella Galicia recomienda el consumo responsable

As adegas promocionarán os viños de autor no Enofestival Ourense

As Festas de Ourense 2017 amplían a súa programación co Enofestival Ourense 2017, que se celebrará o día 1 de xullo, de 20:30 a 0:30 horas. O certame márcase como obxectivo promocionar a cultura do viño, contando coa presenza de adegas e colleiteiros da provincia de Ourense, cun perfil definido: viños auténticos, de "autor", deses que "namoran" ao consumidor, que priman o respecto ao viñedo e utilizan os métodos máis tradicionais, apoiados nas novas tecnoloxías. Para buscar unha "maridaxe" perfecta, festiva e atractiva, a gastronomía estará presente con propostas locais "Qm 0". A música será tamén

fío condutor do evento, en formato festival, con 3 grupos enmarcados no estilo pop-rock actual.

Esta terceira edición do Enofestival Ourense volve apostar polo Bulevar Termal de As Burgas, un lugar emblemático da cidade, cun recinto axardinado idóneo para a celebración de eventos de pequeno formato. O elenco musical da edición 2017 sobe enteños, coa presenza de importantes bandas do panorama nacional. MCarballo Band será a representación ourensá. Un grupo consolidado co guitarrista Manuel Carballo como maior referencia. Seguiránlle no escenario The Limboos, un dos grupos máis importantes do

Rhythm and Blues na escena nacional. Banda emerxente, chamada a ocupar un lugar destacado nos vindeiros anos.

E como colofón, Arizona Baby, banda cun estilo pop-country característico, que triunfa xa en toda España, tras unha sólida traxectoria de 14 anos e 4 discos editados. Formada por Javier Vielba (voz e guitarra), Rubén Marrón (guitarra) e Guillermo Aragón (batería e percusións), músicos que compatibilizan a banda con proxectos en solitario e a colaboración con outro referente como son Los Coronas nun proxecto paralelo: Corizonas.

A banda de Valladolid, é unha presenza habitual nos me-



Adega Vella, da Abeleda (ATEixeira).

llores festivos pop-rock nacionais, ven darlle un salto de calidade a esta terceira edición do festival. Para acompañar a música, estarán presentes 6 adegas das denominacións de orixe de Ourense, que ofrecerán

os seus viños ás persoas asistentes. Tamén haberá unha zona de gastronomía, e venderanse bebidas sen alcol. O evento ten aforo limitado, para garantir a comodidade e seguridade dos asistentes.



17ª Feria Internacional del Turismo Termal, Salud y Bienestar
21-22 de Septiembre de 2017
Ourense - Galicia - España

20: Symposium
21: Feria / Symposium / Encuentro Internacional / Workshop
22: Feria / Encuentro Internacional / Workshop
23: Rutas Termales

 @Termatalia

Solicita tu ACREDITACIÓN PROFESIONAL en www.termatalia.com

Termatalia

El centro de negocios internacional para los profesionales del turismo

www.termatalia.com

Organiza:



Partners: